



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

Cando as Meninas
baixan do cadro

Un proxecto
interdisciplinario para sexto
curso de Educación Primaria

María Carbia Vilar

Titor: Ramón López Facal

Curso 2014-2015 - Xullo 2015

Cando as Meninas baixan do cadro

Un proxecto interdisciplinario para sexto curso de Educación Primaria

Cuando las Meninas bajan del cuadro

Un proyecto interdisciplinario para sexto curso de Educación Primaria

When the Meninas come out of the painting

An interdisciplinary project for the sixth grade of Primary Education

AUTORIZACIÓN DO TITOR/A PARA A DEFENSA DO TFG

DATOS DA TITULACIÓN	
TITULACIÓN	GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MENCIÓN (SÓ INFANTIL E PRIMARIA)	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
CURSO ACADÉMICO	2014-2015

DATOS DO/A ALUMNO/A	
APELIDOS E NOME	CARBIA VILAR, MARÍA
DNI	76867675L

TITULO DO TFG	
	Cando as Meninas baixan do cadro Un proxecto interdisciplinario para sexto curso de Educación Primaria

DATOS DO/A TITOR/A	
APELIDOS E NOME	LÓPEZ FACAL, RAMÓN VICENTE
DEPARTAMENTO	DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA E AS CIENCIAS SOCIAIS

como titor/a do TFG que figura máis arriba, declara que o traballo reúne os requisitos académicos suficientes e autoriza a súa defensa pública ante o tribunal correspondente na convocatoria de referencia, de acordo coa normativa de TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno do 2 de maio de 2013 e o Regulamento de TFG da Facultade de Ciencias da Educación aprobado polo Consello de Goberno de 21 de maio de 2014 que establece no artigo 11 o dereito do alumnado á propiedade intelectual do traballo.

Santiago de Compostela a 10 de xullo de 2015



(sinatura do titor/a)

Agradecementos

Quero expresar o meu agradecemento a Ramón López Facal (USC), titor do TFG e do *Pacticum III*, por orientarme no traballo e polo seu apoio constante

Tamén á profesora Carmen Pomar Tojo (USC), polo seu asesoramento

A todo o equipo do CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes, pola súa boa acollida
En especial a Dolores Otero, directora, e a M^a Rosario V. Sanmartín, titora de prácticas, por deixarme realizar o proxecto

Aos mestres e mestras das áreas que interviñeron nel, pola súa axuda: Silvia Abalo, Yolanda Abelleira, Francisca de Paula Varo, Manuel Fariña, Jorge Meléndez e Roberto Salgueiro

E a todos e todas os que colaboraron o día da posta en escena e desenvolveron posteriormente nas aulas actividades relacionadas co mesmo

Por último, o meu máis sincero agradecemento aos artistas e auténticos protagonistas deste proxecto, os nenos e nenas de 6º E.P. do curso 2014-2015

Índice

Resumos

Introdución.....1

Fundamentación teórica.....2

1. O centro de interese do proxecto: *As Meninas* de Velázquez.....3

2. Que ensinar da obra e para que: a didáctica da historia da arte.....3

3. Como ensinar (I): atender á diversidade coa teoría das IM.....5

4. Como ensinar (II): métodos, estratexias e recursos.....8

O proxecto: Cando as Meninas baixan do cadro.....10

5. Contexto legal, escolar e de aula.....10

6. Obxectivos do traballo.....11

7. Obxectivos didácticos.....11

8. Competencias básicas.....12

9. Contidos.....12

10. Atención á diversidade. O enfoque da teoría das IM.....12

11. Como se fixo.....14

12. Avaliación.....18

Análise dos resultados obtidos.....19

Conclusións.....24

Referencias documentais.....28

Anexos

Resumo

O proxecto interdisciplinario *Cando as Meninas baixan do cadro* xurde do interese por explorar as posibilidades do traballo coa arte en Primaria, conxugando a perspectiva da didáctica da historia da arte e o enfoque da teoría das intelixencias múltiples de Gardner, para prestar atención a distintas formas de ensinar e de aprender. O centro de interese é o cadro de Velázquez *As Meninas* (1656), en torno ao cal se deseñaron unha serie de actividades que ofrecen distintas miradas da obra para posibilitar unha comprensión global. Estas vanse integrando ao longo do proceso de traballo, guiado por unha *webquest*, e converxen na preparación e posta en escena dun cadro vivente e unha obra de teatro. O proxecto púxose en práctica durante o *Practicum III* en sexto de Primaria no *CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes* (A Estrada). Explícanse as teorías nas que se fundamentou, analízanse os resultados obtidos e valóranse as posibilidades de ampliación, coa intención de que cada neno e nena poida desenvolver competencias apoiándose nas súas capacidades máis fortes e favorecendo desde elas as máis febles.

Palabras chave: educación primaria, historia da arte, intelixencias múltiples, interdisciplinario, *webquest*.

Resumen

El proyecto interdisciplinario *Cuando las Meninas bajan del cuadro* surge del interés por explorar las posibilidades del trabajo con el arte en Primaria, conjugando la perspectiva de la didáctica de la historia del arte y el enfoque de la teoría de las inteligencias múltiples de Gardner, para prestar atención a distintas formas de enseñar y de aprender. El centro de interés es el cuadro de Velázquez *Las Meninas* (1656), en torno al cual se diseñaron una serie de actividades que ofrecen distintas miradas de la obra para posibilitar una comprensión global. Éstas se van integrando a lo largo del proceso de trabajo, guiado por una *webquest*, y convergen en la preparación y puesta en escena de un cuadro viviente y una obra de teatro. El proyecto se puso en práctica durante el *Practicum III* en sexto de Primaria en el *CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes* (A Estrada). Se explican las teorías en las que se fundamentó, se analizan los resultados obtenidos y se valoran las posibilidades de ampliación, con la intención de que cada niño y niña pueda desarrollar competencias apoyándose en sus capacidades más fuertes y favoreciendo desde ellas las más débiles.

Palabras clave: educación primaria, historia del arte, inteligencias múltiples, interdisciplinario, *webquest*.

Abstract

The interdisciplinary project *When the Meninas come out of the painting* emerges from the interest in exploring the possibilities of working with art in Primary Education, joining the didactic perspective of history of art and the point of view of Gardner's multiple intelligences, to pay attention to a variety of teaching and learning ways. Everything revolves around Velazquez's artwork *Las Meninas* (1656), and many activities were done about it that show different points of view of the painting to make a global comprehension possible. These will be added along the work process, guided by a *webquest* and converge in the preparation and staging of a living painting and a stage play. The project was launched during the *Practicum III* in 6th grade of primary in the *CPR Plurilingüe Nosa señora de Lourdes* (A Estrada). It explains the theories on which it was based, analyses the obtained results and measure up the scalability, with the intention that every single boy or girl could develop skills relying in their strongest skills and, in that way, helping to improve the weak skills.

Keywords: Primary Education, history of art, multiple intelligences, interdisciplinary, *webquest*.

Introdución

Cando as Meninas baixan do cadro xira arredor dunha das obras de arte máis célebres da historia da pintura, obxecto de múltiples interpretacións, fonte de inspiración para artistas, escritores, publicistas... algo que lle dá un carácter actual a un cadro datado en 1656. Quizais a súa constante reinterpretación desde diversos ámbitos da cultura explique que se convertese en tema recorrente nas propostas didácticas sobre Velázquez en todas as etapas do ensino. Milleiros de persoas, incluíndo entre elas o público escolar, teñen pousado os seus ollos –directamente ou a través de reproducións en diferentes soportes– sobre este lenzo, sorprendidos quizais por seren correspondidos pola atenta mirada dos personaxes; un feito que parece estar moi lonxe da intención do seu autor, xa que a obra tiña un carácter privado, para goce case exclusivo do rei Filipe IV nunha das estancias do desaparecido Alcázar de Madrid (Brown, 1992). Mujica Láinez tamén se fixou nel cando escribiu *Un novelista en el Museo del Prado* (1984), imaxinando o momento en que, cada noite, as figuras de cadros e esculturas cobran vida e se desprenden dos seus soportes, idea presente tamén no cine e que serviu de motivación para recrear a obra na aula, establecendo pontes entre o seu contexto actual (o museo) e o da súa creación (a Idade Moderna).

O traballo que aquí se presenta responde á modalidade de Traballo de Fin de Grao consistente no deseño dun proxecto de intervención/innovación educativa, e enmárcase dentro da Mención en Atención á Diversidade, enfocada desde a perspectiva da aplicación práctica da teoría das intelixencias múltiples formulada por Howard Gardner.

Na súa estrutura distínguense catro apartados principais, acompañados das referencias documentais e os anexos. No primeiro dáse conta do soporte teórico do proxecto, o cal se explica detalladamente no segundo apartado. No terceiro analízanse os resultados obtidos, interpretando os datos e amosando exemplos das producións do alumnado. Por último, no apartado de conclusións, faise unha valoración do proxecto, explícase a repercusión que tivo no centro escolar e preséntanse as súas posibilidades de ampliación.

Aínda que o tema condutor do proxecto é o cadro *As Meninas*, a súa finalidade transcende a el, pois consistiu en achegar a arte ao alumnado, para posibilitar a súa comprensión como documento dunha época, sensibilizando cara á súa apreciación estética, concienciando

sobre a necesidade de protección do patrimonio cultural e invitándoos a apropiarse da obra e gozar con ela, reinterpretándoa nun cadro vivente e nunha obra de teatro.

Tendo en conta estas intencións, a pregunta de partida foi: Como se pode traballar coa arte nunha aula de Primaria desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento de competencias, atendendo ás diferentes formas de aprender e intereses do alumnado, propiciando que aprecien a arte e que se divirtan aprendendo?

A hipótese de partida levaba a pensar que motivando o alumnado, conectando a arte coas emocións e dándolle a opción de aproximarse á obra desde diferentes enfoques (de xeito que atopasen algún no que se sentisen cómodos e fose acorde cos seus intereses e habilidades), sería posible situalos nun punto favorable para posibilitar o desenvolvemento de distintas competencias e acadar aprendizaxes significativas. O medio para conseguilo sería a través dun proxecto interdisciplinario, guiado por unha *webquest*, tendo en conta o enfoque da teoría das intelixencias múltiples para atender á diversidade e a necesidade de situar aos nenos e nenas como protagonistas na construción da aprendizaxe.

O proceso de traballo tivo varias fases: presentación da proposta no centro de ensino e ao profesorado das diferentes áreas que interveñen no mesmo, documentación, deseño do proxecto prestando atención ás estratexias a seguir e aos instrumentos e material a empregar, desenvolvemento na aula, edición de fotografías e dun vídeo e, por último, avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e do propio proxecto¹.

Fundamentación teórica

Debido ás limitacións de espazo, comentaranse só os aspectos que se consideran máis relevantes para explicar en que se fundamentou o *que ensinar, para que ensinar e como ensinar e aprender*, partindo da idea dunha educación que ten como obxectivo a formación integral do individuo para a vida. Contouse coa base das teorías do construtivismo e a do desenvolvemento cognitivo de Piaget (González-Pérez e Criado, 2009), pero considerando algunhas das críticas que lle fai Gardner, como ter desatendido "los dominios de la

¹ Manífestase o compromiso de cumprimento da Lei de Propiedade Intelectual e da Lei de Protección de Datos. O texto, táboas, gráficos e imaxes son de autoría propia agás que se indique o contrario. A reprodución de imaxes do alumnado conta coa autorización expresa e por escrito dos seus pais/nais ou tutores/as, de acordo co protocolo ético da investigación e lexislación actual (Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, LOPD e RD 1720/2007).

imaginación, las emociones y las vivencias" (1982, p. 40), aspectos contemplados para motivar o alumnado e axudar a crear un vínculo entre este e o cadro, nunha primeira aproximación ás ideas de educación patrimonial que propón Fontal (2013).

1. O centro de interese do proxecto: *As Meninas* de Velázquez

Para coñecer a fondo *A familia de Filipe IV* ou *As Meninas* (1656), e outras obras de Velázquez, cóntase cunha ampla bibliografía, entre a que destacan o minucioso estudo de Brown (1992), en que se aborda a figura deste pintor desde o punto de vista artístico e biográfico, o de Marías (1999), quen lle rebate algunhas ideas e trata de "revisar la figura y el arte de Velázquez desde una posición desmitificadora de viejos o nuevos tópicos" (p. 13), e o de Checa (2008), quen acouta a súa interpretación ás dúas liñas máis factibles.

Este cadro segue a estar de actualidade grazas á súa complexidade técnica, aos misterios que aínda garda e, sobre todo, ao influxo que tivo nas artes plásticas, a literatura, a publicidade ou os medios audiovisuais. Entre as numerosas reinterpretacións das que foi obxecto pódense citar as de Picasso, o Equipo Crónica ou as obras da exposición colectiva *Variaciones sobre Velázquez: otras Meninas*, celebrada en Xixón no 2005-2006 (Calaf e Fontal, 2010). No campo do ensino da arte atopamos, por exemplo, a proposta "multifocal" (perspectiva histórica, sociolóxica, formal e iconolóxica) que ofrecen Calaf (2009) e Calaf e Fontal (2010), o proxecto globalizado en torno a Velázquez desenvolvido en E. Infantil no CEIP Lope de Rueda de Sevilla (Delgado, López e García, 2007) e o proxecto *Margarita escapou do cadro*, que tivo como marco a biblioteca do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto (Couso, 2013), que serviron de base para o traballo que aquí se presenta.

2. Que ensinar da obra e para que: a didáctica da historia da arte

Unha vez que se seleccionou o *leitmotiv* do proxecto, había que investigar acerca das posibilidades didácticas do ensino da arte en Primaria, considerándoas nun sentido amplo:

El arte es una parte de la vida y, lo que es más importante, del ser humano, de sus formas de comunicación y expresión. El arte es cultura y es pensamiento creativo [...] También el mundo que nos rodea está lleno de creaciones que otros han hecho, desde aquellas del pasado más remoto hasta aquellas otras de reciente creación; muchas de ellas forman parte de nuestro patrimonio artístico y, por eso, hemos de ser capaces de conocerlas bien, de comprender su significado, de respetar sus cualidades, de valorar sus potencialidades, de cuidarlas y aprender a disfrutarlas. (Calaf e Fontal, 2010, p. 17)

Para levar estas ideas á aula era necesario "el tratamiento en paralelo de la aproximación a las obras artísticas y la expresión de la propia creatividad, enriquecida y motivada por el conocimiento de aquéllas en cuanto expresión, también, de la creatividad de otros seres humanos" (De la Cruz, 2009, p. 51) e "priorizar los contenidos procedimentales y actitudinales de la Historia del Arte por encima de los conceptuales" (Llobet, 2011, p. 278), sen esquecer a "inclusión de la motivación y las emociones como refuerzos de la comprensión y del aprendizaje" (Calaf, 2009, p. 99). Había que considerar tamén as finalidades do ensino da historia da arte en primaria: aprender a valorar o patrimonio histórico-artístico, empregar as obras de arte como documentos para o estudo das Ciencias Sociais, contribuír á formación estética do alumnado e ao desenvolvemento da educación visual e inicialos nos métodos e coñecemento da Historia da Arte (Llobet, 2011).

A intervención apoiouse fundamentalmente nos seguintes aspectos:

1) A consideración do valor didáctico dos obxectos, presentando a obra de arte como "fuente histórica de ese pasado del cual proviene" (Santacana e Llonch, 2012, p. 15). O alumnado debe interrogala para poder extraer información sobre o seu obxectivo, significado, o contexto no que foi creada, intención do artista, o por que dos seus aspectos formais... En definitiva, tratarase de "**hacer pensar** ante la obra de arte" (Aguilera e Villalba, 1998, p. 12) e traballar a educación visual mediante a lectura da imaxe, algo que según De la Cruz, resulta dificultoso para o alumnado pese a vivir na sociedade da imaxe (2009).

2) A presentación do cadro como obxecto artístico, aproximándose a algúns trazos formais, buscando o desenvolvemento da sensibilidade estética e a capacidade para gozar coa arte, establecendo relacións entre a pintura, a literatura e a música para potenciar a súa percepción multisensorial, idea tomada de Calaf e Fontal, autoras que subliñan que facelos "cómplices de una sensación, una idea o un sentimiento hacia un elemento artístico es la verdadera clave para que lo comprendan, lo compartan, lo sientan y lo disfruten o, al menos, para que puedan comenzar a hacerlo" (2010, p. 126).

3) A necesidade de coñecer o patrimonio cultural para poder valoralo, traballando en torno aos museos e o patrimonio artístico da Idade Moderna e incluíndo algunhas ideas na liña da educación patrimonial tomadas dos estudos de Fontal (2003, 2013).

4) A creación dunha "versión" da obra por parte do alumnado, seguindo as propostas de Murphy (2011) para o ensino da historia: retomouse a idea dos *tableaux vivants* do XIX e combinouse cunha obra de teatro que aproveita o carácter narrativo do cadro. Para que todos participasen, engadíronse personaxes que entran en contacto coa obra e conectan o pasado co presente. Meterse na pel dun personaxe é un estímulo para o alumnado e permite "hacerse una mejor idea de cómo eran las vidas de las personas del pasado -y, al mismo tiempo, incorporar sus conocimientos recién adquiridos-" (Murphy, 2011, p. 68).

3. Como ensinar (I): atender á diversidade coa teoría das IM

No marco da Mención en Atención á Diversidade centrouse a intervención na diversificación de actividades en torno ao cadro, para prestar atención a diferentes modos de ensinar e aprender, tratando de favorecer distintas intelixencias. O enfoque adoptado foi o da teoría das intelixencias múltiples (en adiante teoría das IM) de Howard Gardner, autor especialmente interesado no estudo dos procesos da creatividade e o seu reflexo nas artes (Gardner, 1982). Nelas centrou, xunto cos seus colaboradores, as primeiras aplicacións prácticas desta teoría (proxecto Arts PROPEL). A relación da mesma coa didáctica da historia da arte e a educación patrimonial no ámbito das escolas, os museos e as interrelacións entre ambos os dous, queda recollida, por exemplo, en Calaf (2009) e Calaf e Fontal (2010).

Na teoría das IM, publicada por primeira vez en 1983, Gardner describe a competencia cognitiva "en términos de un conjunto de habilidades, talentos o capacidades mentales, que denominamos «inteligencias»" (2011, p. 37), identificando ata a data nove: lingüística, lóxico-matemática, espacial, musical, corporal e cinética, interpersoal, naturalista e espiritual. A lista é provisional, pois séguense investigando outras posibles intelixencias, como a pedagóxica (Gardner, 2013). Para o estudo das características das mesmas e as aplicacións prácticas da teoría, existe unha extensa bibliografía e recursos. Empregáronse para este traballo algunhas obras de Gardner (1982, 2010, 2011), as publicacións de Antunes (1999) e Armstrong (2006) e, no ámbito español, os estudos de Ferrándiz (2005), Prieto e Ballester (2003) e Prieto e Ferrándiz (2001).

Dadas as limitacións de espazo, comentaranse a continuación algúns dos aspectos máis relevantes relacionados co traballo desenvolvido, así como outras cuestións de interese.

Gardner explica que as intelixencias que define están presentes en todos os individuos, pero en distinto grao, e maniféstanse como capacidades. Operan de forma conxunta, combinándose entre si e dando lugar a diferentes perfís de intelixencias, o que explica que "no todo el mundo tiene los mismos intereses y capacidades; no todos aprendemos de la misma manera" (Gardner, 2011, p. 30). As intelixencias resultan dunha "interacción entre las tendencias biológicas y las oportunidades de aprendizaje que existen en una cultura" (Kornhaber, Krechevsky y Gardner, citados por Gardner, 2011, p. 289), polo tanto deben ser entendidas como potenciais cuxo desenvolvemento depende destes factores e da propia experiencia vital. O feito de que sexa posible estimulalas é o que explica o impacto na educación, que non se restrinxe á formal; véxanse as ideas de Antunes (1999) para estimulalas tamén no fogar. En todo caso, en relación ás escolas, Gardner sinala que o obxectivo da posta en práctica da teoría é "desarrollar las inteligencias y ayudar a la gente a alcanzar los fines vocacionales y aficiones que se adecuen a su particular espectro de inteligencias" (2011, p. 30). Ao respecto explica:

la esencia de la teoría consiste en respetar las múltiples diferencias entre las personas, las numerosas variaciones en cuanto a sus métodos de aprendizaje, los diversos modos para evaluarlos y el número casi infinito de maneras en que pueden dejar su huella en el mundo. (En Armstrong, 2006, p. 12)

Da teoría á práctica: en principio Gardner non define un modelo de intervención, sinalando que "los educadores son quienes se encuentran en la mejor posición para determinar hasta qué punto deben guiarse por la teoría IM en su práctica cotidiana" (2010, p. 124). Isto permite desenvolver unidades didácticas ou proxectos en que, por exemplo, non se fai unha avaliación previa dos perfís de intelixencias do alumnado, sempre e cando se parta da sensibilización cara as diferenzas no ensino e na aprendizaxe, fuxindo da uniformización. Porén, as experiencias de aplicación práctica da teoría desenvolvidos por Gardner e os seus colaboradores, como o Proxecto Zero, Spectrum e Arts PROPEL, deron lugar a numerosos estudos que recollen os métodos, estratexias de avaliación e materiais que eles mesmos ou outros investigadores publicaron para orientar o profesorado, e que permiten facer unha aplicación sistematizada da teoría das IM á aula ou ao centro escolar, algo que excede os obxectivos deste traballo. Por exemplo, Prieto e Ballester (2003) explican como pode manifestarse cada intelixencia nos nenos e nenas, presentando materiais para a súa avaliación e estratexias para favorecer o seu desenvolvemento tendo en conta conceptos, habilidades e actitudes; Prieto e Ferrándiz (2001) ofrecen un repertorio de 150 actividades

para introducir aos nenos e nenas nas distintas áreas de aprendizaxe, e Armstrong (2006) presenta orientacións sobre o desenvolvemento do currículo, a organización e xestión da aula, estratexias docentes..., así como material orientador para identificar os perfís intelectuais de cada neno, realizando unha avaliación que ten en conta o "rendimiento en los diversos tipos de tareas, actividades y experiencias asociadas con cada inteligencia" (p. 38). Gardner non considera esencial facer unha avaliación deste tipo antes de emprender un proxecto, agás que un neno teña algún problema cognitivo. Prefire "proporcionar primero las oportunidades para activar las inteligencias" (2011, p. 289), o que dará sentido á avaliación posterior. Máis complexo é o estudo sistemático e empírico que presenta Ferrándiz (2005), proporcionando instrumentos e recursos para avaliar a competencia cognitiva dos nenos e nenas, por exemplo o portfolio.

Resulta interesante comprobar que as propostas de traballo na aula deben moito á Escola Nova e o construtivismo, pois nas bases pedagóxicas do Proxecto Spectrum –cuxos obxectivos de aprendizaxe comprenden coñecementos, destrezas, actitudes, disposicións e sentimentos–, están os centros de interese de Decroly, os métodos multisensoriais de Montessori, os proxectos de traballo de Dewey e Kilpatrick, os estudos de Piaget..., tal e como explican Prieto e Ballester (2003) e Ferrándiz (2005).

Entre as ideas para a aplicación práctica da teoría que se contemplaron no proxecto destacan: a diversificación das actividades arredor dun centro de interese, tomada de Antunes (1999), Armstrong (2006), Prieto e Ballester (2003) e Gardner, quen emprega o concepto de "múltiples puntos de acceso" (2011, p.270); o desenvolvemento da avaliación no contexto do proxecto, recollendo información mediante a observación, fichas, fotografías e vídeo (Armstrong, 2006, Prieto e Ballester, 2003); a importancia concedida á motivación, a orientación do proceso á comprensión e ao desenvolvemento de competencias, o deseño de actividades de comunicación do aprendido para favorecer as aprendizaxes significativas e o carácter interdisciplinario para conectar o alumnado co mundo real.

Algunhas experiencias de aplicación da teoría das IM: en 1987 púxose en marcha en Indianápolis (EEUU) a primeira escola IM, a Key Learning Community (antes Key School), á que seguiron outras moitas, espallándose o modelo a distintos países. Na nosa contorna cada vez son máis as escolas que, en proxectos específicos ou a nivel de centro, aplican o enfoque desta teoría, situándose como referentes de innovación educativa. Destaca o

Colegio Montserrat de Barcelona, en cuxa páxina web <<http://www.cmontserrat.org/>> se presenta material sobre a súa proposta educativa e dá acceso aos vídeos de conferencias de Montserrat del Pozo, dispoñibles na plataforma audiovisual educativa Think1.tv. Outros exemplos son as propostas do Colegio Antonio de Nebrija de Murcia <<http://inteligenciasmultiplesnebrija.blogspot.com.es/>> ou as do Colegio Obradoiro de A Coruña <<http://colegioobradoiro.blogspot.com.es/2013/05/el-desarrollo-de-las-inteligencias.html>>, no que se lle concede importancia ao teatro. Tamén son interesantes os proxectos desenvolvidos en torno ás IM en áreas específicas. Por exemplo, aínda que se destina a Secundaria, resulta interesante o de Mara Renata Balsamo para traballar as intelixencias múltiples coa arte <<http://es.slideshare.net/plasticabyla/inteligencias-multiples-marabalsamo-2015>>.

4. Como ensinar (II): métodos, estratexias e recursos

- **Proxecto interdisciplinario:** no currículo de Primaria os contidos de historia da arte aparecen divididos. Uns trátanse desde a perspectiva das Ciencias sociais (coñecemento e valoración da arte e o patrimonio cultural) e outros abórdanse na Educación artística (aspectos formais, técnicas artísticas e educación estética), aínda que a Competencia cultural e artística debe desenvolverse desde todas as áreas. Na literatura sobre a súa didáctica propónse unha "educación artística integral" (Calaf e Fontal, 2010, p. 14) para favorecer unha comprensión global, polo que se optou por transcender na medida do posible á división disciplinaria. Tomáronse ideas dos traballos por proxectos, coa fin de posibilitar o desenvolvemento de competencias e favorecer as distintas intelixencias. Por exemplo, o cadro *As Meninas* (a súa reprodución virtual) converteuse no centro de interese, algo que Santacana e Llonch definen como "aproximacións al pasado que van desde lo concreto (el objeto) a lo más abstracto (las ideas)" (2012, p. 84) e que permiten desenvolver a imaxinación, axudan a fixar os conceptos, a percibir o paso do tempo..., e deseñouse unha actividade final que permitiu a comunicación co resto do alumnado do centro escolar.

- **Traballo en grupos cooperativos:** na liña da orientación cara aos traballos por proxectos era necesario "promover estrategias que faciliten la comunicación y la interacción social en el aula" (Oller, 2011, p. 170) e traballar en grupos cooperativos, favorecendo a intelixencia interpersonal. Tomáronse como referencia as indicacións de Johnson, Johnson e Holubec

(2004), aínda que non sempre se puideron aplicar, insistindo especialmente na idea de traballar "juntos para maximizar su propio aprendizaje y el de los demás" (p. 14).

- **A arte e as TIC. As *webquest*:** o emprego das TIC na aula para traballar coa arte permite a observación indirecta da obra cando a directa non é posible, neste caso coa reprodución virtual en detalle que ofrece Google Earth; botar man dos recursos didácticos dos portais educativos dos museos, como as audioguías do Museo del Prado; acceder a outros recursos, como vídeos e webs; e coñecer as experiencias desenvolvidas polo profesorado, recollidas en blogs, webs, *webquest*, etc². Estas últimas resultan axeitadas para o traballo por proxectos, para favorecer a aprendizaxe cooperativa, para o desenvolvemento da competencia dixital e de habilidades cognitivas de orde superior, implican ao alumnado na construción da aprendizaxe e, como sinala Temprano, "son apropiadas para el desarrollo de las inteligencias múltiples" (2009, p. 25). Para este autor as *webquest*, termo que Roig traduce como "investigación guiada" (2007, p. 225), responden ao modelo didáctico da Aprendizaxe Mediada; para Area, "responden aos vellos principios de "aprender facendo"" (en Albarellos, 2007, p. 20). En todo caso, poden ser unha boa axuda para contribuír á Alfabetización Informacional (ALFIN) para que, como sinala Area, aprendan a facer unha "utilización intelixente e crítica da información" (en Albarellos, 2007, p. 18). Para iso contan cos enlaces seleccionados de Internet e con outros materiais deseñados para o proxecto.

A *webquest* creouse seguindo as indicacións de Roig (2007) e Temprano (2009), aínda que se empregou un editor de páxinas *web* (Wix.com) en lugar dun xerador de *webquest*, para poder adaptala ás necesidades do traballo.

² Entre os numerosos recursos dispoñibles en Internet para o traballo coa arte e co cadro *As Meninas* selecciónanse os seguintes exemplos: a audioguía infantil do Museo do Prado *La familia de Felipe IV o Las Meninas* <<https://www.museodelprado.es/pradomedia/multimedia/la-familia-de-felipe-iv-o-las-meninas-velazquez/>>, os blogs *Arte en la escuela* <<http://arteenescuela.blogspot.com.es/>> e *Las TIC en Plástica* <<http://blog.educastur.es/luciaag/planet/>> e a web educativa *Mirar Velázquez* <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos/concurso1999/3premio/>. Como exemplos de *webquest* para Primaria relacionadas co tema deste proxecto destacan *Las Meninas y Velázquez*, creada por Dolores García Martínez, <<http://www.iticlab.es/majwq/wq/ver/209>> e *Velázquez*, de Mariló Granados <<http://webquest.carm.es/majwq/wq/ver/3042>>.

O proxecto: Cando as Meninas baixan do cadro

5. Contexto legal, escolar e de aula

Este proxecto elaborouse de acordo co *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, desenvolvido no marco da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (LOE), vixente aínda neste curso académico en 6º E.P. O seu deseño e desenvolvemento na aula tivo lugar durante o *Practicum III. Procesos de mellora de aula e de centro* no CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes (A Estrada), un centro concertado dunha soa liña, cuxo colexio de Infantil e Primaria se atopa no casco urbano, situándose o edificio da ESO, comedor e as instalacións deportivas, no rural. Os destinatarios foron os alumnos e alumnas de sexto curso de Educación Primaria (aos que se coñecía do anterior *Practicum*, o que facilitou a adaptación do proxecto ao grupo), se ben todo o alumnado de Infantil e Primaria asistiu á posta en escena, realizando despois algúns cursos actividades relacionadas coa mesma.

O grupo de sexto de E.P. co que se traballou está integrado por un total de dezaoito estudantes, doce nenas e seis nenos, a maior parte procedentes do casco urbano de A Estrada. Todos falan de xeito espontáneo castelán, pertencen a familias que se consideran de clase media e dispoñen nas súas casas de ordenador, aínda que algúns sen conexión a Internet. As maiores diferenzas no acceso á cultura márcanas as actividades que realizan coas familias no tempo de ocio, máis que as extraescolares. Case a metade do alumnado comentou nalgún momento viaxes de tipo cultural realizados coas súas familias, apreciándose nas súas palabras maior interese pola arte e os museos cós demais.

Non hai grandes problemas a nivel de comportamento, sendo case sempre tres nenos os protagonistas de condutas disruptivas, sen chegar a ser graves. Apréciase un certo distanciamento entre nenos e nenas, propio da súa idade. Todos cumprirán doce anos durante o 2015, o que leva a situalos, con respecto ás fases de desenvolvemento cognitivo establecidas por Piaget, no comezo da etapa de operacións formais.

Por último, hai que sinalar un aspecto importante en relación co proxecto desenvolvido: en sexto comezaban o estudo da Idade Moderna na área de *Coñecemento do medio natural, social e cultural*, un marco idóneo para este proxecto.

6. Obxectivos do traballo

- a) Que o alumnado coñeza algúns dos trazos máis significativos dunha obra de arte e comprenda o seu valor como documento dunha época.
- b) Que valoren o patrimonio artístico-cultural como pegada do pasado e do presente, que se debe conservar para o noso goce e das vindeiras xeracións.
- c) Que desenvolvan a sensibilidade estética para gozar coa arte, a imaxinación e a creatividade.
- d) Favorecer o desenvolvemento de distintos tipos de intelixencias.
- e) Que empreguen as TIC para acceder á información, gañando autonomía na selección da mesma e avanzando cara á Alfabetización Informacional.
- f) Que desenvolvan hábitos de traballo en equipos cooperativos.

7. Obxectivos didácticos

- a) Ser quen de explicar información básica sobre o cadro *As Meninas*, os seus personaxes e o seu autor.
- b) Ser quen de localizar e seleccionar información en Internet a partir dos enlaces da *webquest* e de comunicala por escrito e oralmente.
- c) Ser quen de establecer relacións entre a obra de arte e o seu contexto presente (os museos) e pasado (sociedade, música e patrimonio).
- d) Estimar medidas, empregar instrumentos de medición, desenvolver estratexias de cálculo e facer trazos xeométricos con escuadro e cartabón.
- e) Elaborar disfraces empregando plásticos e papeis variados.
- f) Ser quen de redactar un guión teatral recollendo ideas das actividades realizadas.
- g) Interpretar un personaxe nun cadro vivente e nunha obra de teatro, prestando atención á linguaxe verbal, non verbal e á danza.
- h) Amosar sensibilidade e interese pola arte e a conservación do patrimonio cultural.
- i) Participar activamente no traballo en grupo, amosando respecto cara aos demais.

Na táboa 1 (Anexo 1) preséntase a correspondencia entre os obxectivos didácticos e as competencias, contidos, intelixencias múltiples e actividades desenvolvidas.

8. Competencias básicas

O que máis se traballou foron as capacidades relacionadas coa competencia **en comunicación lingüística** (1) e a **cultural e artística** (6), a través das tarefas de busca de información, lectura, selección, escritura e comunicación ao gran grupo, no caso da primeira, e de aproximación ao coñecemento dunha obra de arte, desenvolvemento da creatividade e do sentido estético, no caso da segunda.

Tamén se tiveron moi presentes a **competencia para aprender a aprender** (7) e a **autonomía e iniciativa persoal** (8), principalmente a través do traballo en equipo, a importancia dada ao proceso (o que permite a reflexión sobre a propia actuación para considerar a opción de cambio), e as tarefas de localización de información en Internet, que teñen como idea central o logro da autonomía persoal e a formación para a vida. Este último aspecto leva a citar a **competencia no tratamento da información e competencia dixital** (4), presente de xeito transversal ao longo de varias actividades co uso da *webquest*, utilizada como ferramenta de traballo e recurso para a aproximación á información.

9. Contidos

Táboa 2. Contidos: conceptos, procedementos e actitudes	
Conceptos	1. <i>As Meninas</i> : o autor e o cadro. Os personaxes do cadro. 2. A obra de arte no seu contexto: patrimonio, sociedade e música. 3. Os museos: definición e exemplos.
Procedementos	4. Manexo da <i>webquest</i> . 5. Localización, selección da información, redacción e comunicación. 6. Estimación de medidas, medidas con metro e cinta métrica e debuxo con escuadro e cartabón. 7. Deseño e confección de vestiario empregando papeis variados e plásticos. 8. Redacción dun guión teatral. 9. Memorización e interpretación dun papel teatral.
Actitudes	10. Respeto e sensibilidade cara ao patrimonio cultural e goce coa arte. 11. Colaboración activa e respecto no traballo en grupo.

10. Atención á diversidade. O enfoque da teoría das IM

Neste grupo non hai ningún neno ou nena con necesidades específicas de apoio educativo. No caso de darse esta circunstancia, habería que ter en conta no deseño do proxecto, en liña coa intervención educativa que se estea realizando, facendo as adaptacións axeitadas ás súas características e aplicando estratexias para compensar os puntos febles cos débiles, no

marco dunha escola inclusiva. Non obstante, a aula non deixa de ser diversa, xa que cada neno e nena é diferente e ten intereses e modos de aprender distintos, polo que se decidiu atender á diversidade tendo en conta o enfoque da teoría das IM de Gardner. Esta tamén sería válida no caso de contar con alumnado con discapacidade intelectual, altas capacidades ou dificultades de aprendizaxe. Neste caso habería que elaborar un perfil cognitivo do neno ou nena e identificar as súas capacidades máis fortes. Despois sería posible, segundo Gardner, "utilizar un área de fuerza como «punto de acceso» a outra área que plantea dificultades" e facer unha transferencia explotando "estructuras análogas" a distintos tipos de intelixencias (2011, p. 272).

Dadas as limitacións de tempo para deseñar o proxecto, a intervención limitouse exclusivamente a diversificar as actividades e asegurarse que a través delas se traballaban os diferentes tipos de intelixencia que localizou este autor, principalmente as sete primeiras que definiu: lingüística, lóxico-matemática, espacial, musical, cinético-corporal, interpersonal e intrapersonal. Con respecto á naturalista, inicialmente estaba previsto empregar materiais de refugallo para os disfraces e organizar unha actividade de reflexión arredor disto, pero desbotouse por falta de tempo. Non obstante, fixéronse algunhas achegas á mesma traballando en torno aos vestixios da Idade Moderna na contorna do colexio, pois, como indica Antunes, a capacidade de éxtase "ante el paisaje humanizado o no" forma parte da mesma (1999, p. 92). Non houbo ocasión de favorecer a intelixencia espiritual.

Na táboa 3 explícase como se favoreceron as IM (ver tamén táboa 1, Anexo 1):

Táboa 3. Traballo para favorecer as intelixencias múltiples		
Tipo de intelixencia	Como se favoreceu neste proxecto?	En que actividades?
1. Lingüística	Coa lectura, selección, redacción e comunicación oral e escrita da información.	1, 2, 5, 6, 7, 9, 10
2. Lóxico-matemática	Coas estimacións das medidas, dedución guiada de estratexias de medida, realización de medicións, cálculo da media aritmética e elaboración de argumentacións lóxicas.	3, 7
3. Espacial	Coa elaboración do esbozo do cadro, as estimacións de medidas, a realización de medidas, o trazo de segmentos paralelos, perpendiculares e diagonais, e o deseño do vestiario.	1, 3, 8
4. Musical	Mediante a escoita de música e a danza.	4, 10
5. Cinético-corporal	Co traballo de toma de medidas, elaboración do vestiario, danza e interpretación .	3, 4, 8, 10
6. Interpersoal	Co traballo en equipo e a identificación cun personaxe para interpretalo.	2, 3, 4, 5, 7, 8, 10,

7. Intrapersoal	Coa reflexión sobre as emocións e gustos en relación á arte e a exploración dos sentimentos propios durante a representación. Coa reflexión sobre o propio traballo.	1, 4, 10, 11
8. Naturalista	Coa aproximación ás pegadas do home na paisaxe.	6

Con esta planificación buscouse tamén favorecer a motivación, posibilitando que os nenos e nenas se sentisen cómodos polo menos durante a realización dalgunha das actividades e potenciando, ao mesmo tempo, o desenvolvemento das competencias básicas e outras habilidades relacionadas co *saber ser*, *facere* e *estar*.

11. Como se fixo

Papel do mestre ou mestra: diseña o proxecto, selecciona estratexias, instrumentos, elabora materiais, organiza os recursos (incluíndo a coordinación co profesorado das distintas áreas implicadas), guía o traballo na aula, motiva, axuda na resolución de problemas, formula preguntas para propiciar o diálogo e invitar a pensar, escoita, axuda a compensar as diferenzas entre o alumnado, trata de descubrir e potenciar os puntos fortes de cada neno ou nena (facendo comentarios positivos para fornecer a súa autoestima), analiza os resultados e avalía, fai propostas de mellora, adaptacións, etc.

Para desenvolver o proxecto na aula contouse coa colaboración dos mestres e mestras das áreas implicadas, así coma con outros profesores do centro o día da representación.

Papel do alumnado: protagonista do proceso, activo e participativo, achega experiencias e ideas, ten liberdade para expresar a súa opinión, contribúe coa súa imaxinación e creatividade a solucionar problemas, respecta aos demais, reflexiona, etc.

Traballo en grupo: preténdese que o alumnado aprenda a traballar de xeito cooperativo. Distínguense tres tipos de agrupamento: grupos de tres para as actividades 2, 3, 5, 7, grupos de catro ou cinco para elaborar o vestuario e gran grupo para a posta en escena.

Materiais e recursos: os materiais empregados neste proxecto foron deseñados exclusivamente para o mesmo, adaptándose ás necesidades do grupo e ao ritmo de traballo a medida que este se desenvolvía. Isto explica que a *webquest* que se deseñou, co editor Wix.com, difira nalgúns aspectos do formato estándar das mesmas, como se pode apreciar na mesma (<http://mariacarbiavilar.wix.com/meninas>) e na súa ficha explicativa (Anexo 2). Tamén se deseñaron fichas de traballo e unha presentación en *PowerPoint*, dispoñibles na

webquest. Na aula de 6º E.P. contouse con ordenador conectado ao taboleiro dixital e un ordenador portátil para cada alumno, se ben os problemas coa tecnoloxía WIFI fixeron que para a maior parte das actividades empregasen só un para cada dúas ou tres persoas. A elaboración dos disfraces tivo lugar na aula de Plástica. Para a representación, que tivo lugar no salón de actos, empregouse un equipo de música, ordenador e taboleiro dixital. Gravouse con dúas cámaras dixitais, e posteriormente editouse un vídeo con iMovie. Nel incorporáronse fotografías do proceso, nalgúns casos editadas con Adobe Photoshop.

Secuencia didáctica: o proxecto desenvolveuse ao longo dun total aproximado de vinte sesións e horas (sumando as lecturas de guión que só ocuparon parte de sesións). Detállase a temporalización na táboa 5 (Anexo 3).

A secuencia de actividades e tarefas foi a seguinte:

Táboa 6. Secuencia de sesións do proxecto <i>Cando as Meninas baixan do cadro</i>		
Bloque I. Presentación do proxecto e aproximación aos coñecementos previos		
Actividade 1. Que sabemos? Que queremos saber? Sobre que nos informa a arte?		Sesión 1 - Área: CMNSC
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
Avaliación inicial e obxectivo h	1, 6, 7	1, 3, 6, 7
<ul style="list-style-type: none"> - Márcase 1656 na liña do tempo da Idade Moderna (que fixeran co seu mestre). Fanse preguntas ata que adiviñan o tema central do proxecto: <i>As Meninas</i>. - Sen amosar a imaxe do cadro cobren a ficha de avaliación inicial (Anexo 4) - Posta en común: Que sabemos? Anótase no encerado. - Amósase a ficha de catálogo (Museo del Prado) e o cadro en resolución Gigapixel con Google Earth - Posta en común: Que queremos saber? Sobre que nos pode informar a arte? Anótase no encerado. - Presentación da <i>webquest</i> e a tarefa a realizar (o cadro vivente e a obra de teatro). Motivación. 		
Bloque II. Documentación		
Actividade 2. Coñecendo o cadro. Quen é quen?		Sesións 2 e 5 - Áreas: LCL
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
a, b, h, i	1, 6, 4, 5, 7, 8	1, 6
<ul style="list-style-type: none"> - Forman equipos de tres e distribúen os roles de portavoz, redactor/a e documentalista (despois suprimidos). - Cobren a ficha "Conociendo el cuadro" (Anexo 5). Teñen que chegar a acordos para cubrir do mesmo xeito o apartado dedicado a Velázquez, no resto dos apartados poden diferir. - Traballan coa <i>webquest</i> para seleccionar a información, accedendo aos enlaces propostos nela. - Por motivos de organización os vídeos vense no taboleiro dixital, tomando notas de xeito individual. 		
Actividade 3. Dimensións e xeometría do cadro		Sesións 3 e 6 - Área: MAT
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
a, d, i	2, 3, 7, 8	2, 3, 5, 6
<ul style="list-style-type: none"> - En equipos de tres cobren as fichas "As Meninas, dimensións do cadro e xeometría" (Anexo 6), para o que: - Fan a estimación de medidas do taboleiro da súa mesa, da porta da aula e do encerado. - Miden estes obxectos empregando cintas métricas e metros de carpinteiro e anótano no cadro (longo x ancho ou alto x ancho, segundo o caso; en cm). - Coméntanse oralmente estratexias de estimación de medidas e formas axeitadas de medir. - Calcúlase a media aritmética das medidas de todos os grupos para obter un resultado máis fiable. - Pregunta: Cabería o cadro en vertical na nosa aula? Cando se chega á conclusión de que non, facendo estimacións, báixase ao patio e sobre unha parede realízanse medicións delimitando a superficie do lenzo (318 cm x 276 cm). 		

<p>Estratexia para altura: altura da mestra (168 cm) + 150 cm do metro de carpinteiro.</p> <p>- Aproximación á xeometría do cadro: comentario oral sobre os elementos xeométricos que aprecian no cadro e o gusto da pintura barroca polas diagonais.</p> <p>- Actividade guiada: seguen as instrucións orais (Anexo 7) e van trazando con rotulador (empregando escuadro e cartabón) sobre unha fotocopia que reproduce o cadro, segmentos paralelos, perpendiculares e diagonais, ata obter un esquema compositivo básico do cadro (explícase que é só un dos esquemas posibles). Óbvíase a sección áurea.</p>		
Actividade 4. Escollendo a música		Sesión 4 - Área: EA-M
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
c, h, i	5, 6, 7	4, 5, 6
<p>- Escóitanse pezas que se enmarcan no barroco, de Lully, Vivaldi, Bach e Pachelbel, cuxos enlaces figuran na <i>webquest</i>. Elixen <i>A primavera</i> de Vivaldi, que se empregará na obra teatral cando espertan as figuras.</p> <p>- Ensáianse parte dunha danza coa <i>Suite en DoM</i> (HWV 349) de <i>Música acuática</i> (Händel), seguindo un vídeo enlazado á <i>webquest</i>. Farase unha versión simplificada para o peche da obra de teatro.</p>		
Actividade 5. Coñecendo os museos		Sesións 8 e 10 - Área: CMNSC
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
b, c, h, i	1, 4, 5, 6, 7, 8	1, 6
<p>- Retómanse as súas ideas sobre os museos reflectidas na ficha de avaliación inicial e, mediante unha presentación en <i>PowerPoint</i> (Anexo 8), contrástanse coa definición de museos do ICOM.</p> <p>- Resolución dunha situación en grupos de tres: preséntase un caso (unha visita dun amigo/a e unha obrigada visita a un museo galego) que deberán resolver accedendo ás webs dos museos mediante os enlaces da <i>webquest</i>. Seleccionarán o museo e localizarán a seguinte información: nome do museo, horarios, prezo da entrada, localización, tipo de colección, actividades ou servizos de interese. Tomarán notas, xustificando tamén a súa elección.</p> <p>- Cada grupo presenta oralmente ao conxunto da clase a súa elección. Teñen que falar todos e todas.</p>		
Actividade 6. Coñecendo o noso patrimonio e Act. 7. A sociedade estamental		Sesión 12 - Área: CMNSC
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
c, h, i	1, 3, 4, 5, 6, 7	1, 2, 3, 6, 8
<p>* Observacións: por falta de tempo (problemas de conexión WIFI en varias sesións), fúsiónanse nunha soa sesión as dúas actividades. Para compensar isto, na <i>webquest</i> inclúese información complementaria e imaxes (Anexo 9).</p> <p>- Explicación oral co soporte das imaxes da <i>webquest</i> + diálogo. Temas: as pegadas do barroco no urbanismo (exemplo Santiago de Compostela), os pazos galegos, a destrución do Real Alcázar de Madrid en 1734 (salvándose <i>As Meninas</i>). Pregunta: Que verían as Meninas se viñeran a Santiago no século XVII?</p> <p>- Consulta da web de turismo de A Estrada enlazada á <i>webquest</i>. Pregunta: Que monumentos estaban construídos cando Velázquez pintou o cadro?</p> <p>- Pregunta: Todas as persoas da época das Meninas vivían e vestían coma elas? Diálogo e reflexión.</p> <p>- Clasificación dos personaxes dunha selección de obras de Antonio de Puga e Velázquez en clases privilexiadas e non privilexiadas.</p> <p>- Traballo coa ficha "Sociedade nos séculos XVI, XVII e XVIII" (Anexo 10): cada grupo recibe unha imaxe dunha pirámide na que se representa a sociedade da Idade Moderna. Hai cinco ocios nela, tantos coma grupos. Cada grupo recibe tamén unha tarxeta cun personaxe. Discuten onde situalo. Na posta en común final complétase con todas as achegas a pirámide. Diálogo relacionando os personaxes da pirámide co cadro <i>As Meninas</i>.</p>		
Bloque III. Produción		
Actividade 8. Elaborando o vestiario		Sesións 7, 9 e 14 - Área: EA-P
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
e, i,	5, 6, 7, 8	3, 5, 6
<p>- Materiais: papel de periódico, papel pinocho, bolsas de plástico, cinta illante de cores, cinta de carroceiro, cinta adhesiva, tesoiras, grapas, goma eva, cartolinas, gomas elásticas, belcro adhesivo, pinzas para o cabelo, prendedores. Indicacións de vestiario e distribución por grupos na táboa 7 (Anexo 11).</p> <p>- Elaboración do vestiario para o cadro vivinte e a representación teatral. Asígnanse os personaxes, coméntanse as indicacións de vestiario e organízase a aula en grupos. Hai nenos/as cuxo personaxe non precisa disface, mais o traballo consiste en sacar adiante os asignados a cada grupo.</p>		

Actividade 9. Guión teatral <i>Cando as Meninas baixan do cadro</i>		Sesións 11 (parte) - Área: LGL
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
a, c, (f), (i)	1, 6, (7)	(1), (6)
<p>* Observacións: Por falta de tempo redactei eu mesma o guión, recollendo nel as ideas comentadas ao longo das diferentes sesións, por iso parte dos obxectivos, competencias e intelixencias van entre parénteses.</p> <p>- Proxéctase no taboleiro dixital o texto do guión e realízase unha primeira lectura.</p> <p>- Corrección dos erros entre todos. O alumnado fai propostas de modificacións/engadidos que se incorporan ao texto. Este entrégase corrixido ao alumnado unhas horas despois, para estudalo. Guión teatral no Anexo 12.</p>		
Actividade 10. Cadro vivente e representación teatral	Ensaio: sesións 13, 15, 16, 17, 18 + varias lecturas guión. Estreo: sesión 19 Áreas: CMNSC, EA-P, LCL, LGL, extra. est.	
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
a, g, h, i	1, 5, 6, 7	1, 3, 4, 5, 6
<p>- Ensaio: atención á linguaxe verbal e non verbal. Faise fincapé no volume da voz, expresividade, adecuación ao personaxe, respecto aos compañeiros/as, esforzo, colaboración e goce co cadro.</p> <p>- Estrea: representación en dúas quendas consecutivas. 1ª para E. Infantil, 1º e 2º e 2ª para 3º, 4º e 5º de E.P..</p>		
Bloque IV. Avaliación		
Actividade 11. Valoración e repercusión		Sesións 20 e 21 (extra. est.)
Obxectivos didácticos	Competencias	Intelixencias múltiples
(Valoración)	1, 6, 7, 8	1, 2, 6, 7
<p>- Reflexión oral sobre o proxecto e a posta en escena</p> <p>- Cobren individualmente a ficha de valoración (Anexo 13)</p> <p>- Visionado do vídeo e recepción traballos feitos por outros cursos en resposta á súa petición na obra teatral.</p>		
<p>Abreviaturas: CMNSC (Coñecemento do medio natural, social e cultural), EA-M (Educación artística. Música), EA-P (Educación artística. Plástica), LGL (Lingua galega e literatura), LCL (Lingua castelá e literatura), MAT (Matemáticas), extra. est. (tempo extraescolar de estudo no colexio)</p>		

Para exemplificar o desenvolvemento das sesións tomamos como modelo a actividade 5, desenvolvida nas sesións 8 e 10 na área de *Coñecemento do medio natural, social e cultural*.

Partiuse para o seu deseño das ideas previas do alumnado sobre os museos expresadas na ficha de avaliación inicial e analizadas na páxina 19. Téndoas presentes, elaborouse a presentación en PowerPoint xa citada (Anexo 8), na que se recolleron as súas propostas para contrastalas coa definición do ICOM, achegando distintos exemplos que lles facilitasen a comprensión. Estableceuse un diálogo co alumnado a fin de que expresasen o seu punto de vista e comentasen as súas experiencias relacionadas co tema. Seguidamente presentáronse webs que conteñen directorios de museos estatais e galegos.

A continuación, presentóuselles a tarefa a resolver: "Imaxinade que ides recibir unha visita dun amigo ou amiga común que nunca estivo en Galicia. Queredes levalo a un museo pero tedes que elixir a cal e planificar a visita con antelación".

Para dar resposta á mesma tiveron que traballar en grupos de tres, empregando un ordenador por grupo (para evitar problemas coa conexión WIFI) e manexando a *webquest*,

onde tiñan dispoñibles os enlaces a museos galegos. Tiveron que acceder ás webs de varios museos, decidir cal escoller, localizar e anotar a información requirida (endereço, horarios, prezo da entrada, tipo de obxectos que expón, actividades ou servizos de interese), xustificar o motivo da elección e prepararse para comunicar a información aos demais, sendo requisito que todos os membros do grupo interviñesen. Fixeron a presentación sen apoio de imaxes, pois todos e todas podían acceder ás webs, e non estaba permitido ler as notas. Pedíuse que falaran do xeito máis natural posible, aínda que a maior parte optaron por memorizar os datos. Os museos que escolleron foron: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Museo de Belas Artes (A Coruña), Museo do Castro de Viladonga (Lugo), Domus (A Coruña), Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (A Coruña), Museo do mar de Galicia (Vigo). A maior parte eran descoñecidos para eles e elixíronos "porque parece interesante" (Anexo 14).

12. Avaliación

Distinguíronse tres momentos na avaliación:

- **Avaliación inicial ou diagnóstica:** levouse a cabo na sesión 1 e achegou información sobre as ideas previas do alumnado en torno á obra, os museos e a arte. O seu análise permitiu adaptar os materiais e contidos deseñados para as seguintes sesións.
- **Avaliación continua ou formativa:** tivo lugar ao longo das diferentes sesións, para valorar o progreso do alumnado, recoller información, motivar a aqueles que o precisaban, adaptar as actividades ao ritmo da clase e proporcionar *feedback*.
- **Avaliación final:** na última sesión o alumnado cubriu unha ficha de valoración do proxecto e posteriormente realizouse unha avaliación individualizada dos resultados acadados por cada un deles, contrastando os resultados da avaliación inicial, o seu progreso e a información desta última ficha. A información obtida e as conclusións tiradas para cada caso recolléronse nunha táboa, da que se amosan dous exemplos representativos nas táboas 8 e 9 (Anexo 15). O grao de consecución dos obxectivos didácticos explícase no seguinte apartado e o referente aos obxectivos do traballo nas conclusións.

Os **instrumentos** empregados para a avaliación foron: a observación (con toma de notas durante as sesións) e a análise das producións (fichas, disfraces, representación teatral –o vídeo e as fotografías permiten facer unha valoración pausada–).

Análise dos resultados obtidos

A **avaliación inicial** permitiu achegarse aos coñecementos previos do alumnado, expresados nas fichas e nos comentarios orais sobre as súas experiencias coa arte. Na seguinte táboa sintetízanse as súas ideas máis repetidas sobre os museos, a arte, os artistas e *As Meninas*:

OS MUSEOS: asocian museo a edificio en que os visitantes poden ver arte (pinturas, esculturas, " cousas importantes", " cousas do pasado") e aprender ("saber máis sobre a historia e cousas interesantes"). Esta idea contradíse cos museos que máis lembran ter visitado (o Museo Mome (A Estrada), a Casa das Ciencias e a Domus (A Coruña)) e coas súas preferencias (museos en que se poden manipular obxectos).

A ARTE: "é algo moi bonito", "non me parece algo importante", "expresa sentimentos". Lémbrense de poucas obras, sendo a máis citada a Mona Lisa, sobre a que un escribe "non me gusta, só é unha muller aí pintada".

OS ARTISTAS: os máis citados son Leonardo da Vinci, Goya, Velázquez e Van Gogh.

AS MENINAS: 8 de 18 conseguen facer un esbozo do cadro co que recordan (víranos en 3º E.P. na audioguía infantil do Museo do Prado) poñendo a proba a súa memoria visual. En xeral, recordan as figuras de Velázquez e das *meninas*, confundindo algúns a Margarida cunha terceira *menina*, un erro lóxico. Os demais fan un esbozo da localización dunha reprodución do mesmo no salón de actos ou dun cuarto das súa casa.

Na posta en común anotáronse no encerado as ideas que xurdían, resultando as seguintes:

Que sabemos?	Que queremos saber?	Sobre que nos informa a arte?
Esbozo do cadro, identificación dalgúns personaxes	Quen é quen, onde están, dimensións, quen foi Velázquez, como o pintou, con que intención, xogo do espello-reis-espectador	Sobre esa época: como vivían, onde vivían, como vestían, a sociedade do momento

No Anexo 16 preséntanse comentados algúns exemplos das súas producións iniciais. Analizando as de todo o alumnado identifícanse tres niveis de rendemento:

a) Nivel baixo: falta de interese. Corresponden a tres nenos que amosaron apatía; dous deixaron case toda a ficha en branco e un terceiro explicou que a arte non lle parecía algo "importante". Os tres manteñen con frecuencia esta actitude na aula.

b) Nivel medio: aspectos básicos/formais. A maioría do alumnado interesouse por coñecer os personaxes, o autor, o tamaño da obra, como se pintou... sen afondar noutras cuestións.

c) Nivel alto: reflexións propias. As producións de cinco nenas, acostumadas a viaxar e visitar museos, reflicten o seu capital cultural. Pregúntanse por que Velázquez pintou os personaxes "desa forma e con tanta certeza", "por que os debuxou así e non doutra maneira", "que quería expresar" e "sobre os pensamentos do pintor". Unha trouxo ao día seguinte entradas de varios museos; outra contou con grande detalle a súa visita ao Museo Guggenheim Bilbao, dando mostras dunha boa memoria visual.

Ao longo de todo o **proceso de traballo** houbo certa tendencia a que o alumnado se mantivese nestes niveis, dándose –en xeral–, só oscilacións dun nivel ao seguinte ou ao precedente dependendo das actividades. Que explica que se manteña a tendencia? Considérase que se debe a que o alumnado de nivel de rendemento máis alto acostuma a esforzarse e perseverar, logrando superar os obstáculos. Por exemplo, unha nena contou que practicara na casa coa *webquest*, para manexala son soltura. No extremo oposto, sitúase alumnado con falta de hábito de traballo, tendencia á distracción, falta de motivación, lentitude, etc. Que fai que, porén, non sexan niveis totalmente invariables? Parece que se debe a tres elementos:

a) A natureza interdisciplinaria do proxecto, con actividades axeitadas ás distintas intelixencias, permitiu que cada quen acabase atopando unha ou varias nas que sentirse cómodo e habilidoso, despertando ou aumentando o seu interese polo tema. Por exemplo, o alumno que expresara que a arte non era importante, comezou a involucrarse no proxecto a raíz da actividade de matemáticas. Descubriu que Velázquez non pintara as figuras ao chou e destacou facendo estimacións de medidas, algo que resultou complexo á maioría. Alcanzou nesta actividade un nivel alto e, o máis importante, cambiou a súa actitude, sendo un dos máis motivados para a actuación (presentouse voluntario para ser o presentador).

b) A motivación. A obra de teatro actuou como elemento motivador a nivel de grupo, ilusionando a case todos desde o comezo: a perspectiva de interpretar un personaxe "simpático", o can, foi motivadora para un dos alumnos, e a idea de investigar pola súa conta sobre outras obras de arte, fixo que outro vencese a súa timidez e participase máis. Só no caso dun neno houbo que recorrer a motivación extra para lograr que aprendera o papel (algo que, como confesou, lle levou pouco tempo). Os esforzos centráronse desde o comezo en crear un vínculo positivo con el, máis non se logrou ata os últimos días, e parece que a perspectiva do reforzo positivo dos aplausos do público tivo algo que ver. Aínda que non acadou unha interpretación moi lograda (algo que el mesmo recoñeceu), a súa satisfacción era evidente, amosándose agradecido e ledo.

c) O traballo en grupo: axudou a compensar as diferenzas, na liña do concepto de ZDP, e a solucionar problemas. Por exemplo, aínda que todo o alumnado manexaba a *webquest*, observouse distinto grao de autonomía e dificultades para interpretar algunha información de webs, coma as dos museos, cando non se dirixen ao público escolar. Pero o traballo en

grupo tamén tivo inconvenientes: persoas que trataron de delegar as tarefas nos demais, alumnas que temían verse prexudicadas polos seus compañeiros de equipo e pequenas disputas. Aínda así, case todos e todas se implicaron no traballo e comprobaron na tarefa final de dramatización a importancia de formar un verdadeiro equipo. Polo tanto, considérase que a maior parte acadou o **obxectivo i**, na medida en que comezan a acostumarse ás dinámicas de traballo cooperativo e o valoran positivamente. Cos demais, as súas valoracións positivas –por escrito pero sen demostración na práctica– reflicten un posible cambio de actitude, a excepción dun neno, queixoso do seu equipo "porque no me deixaban hacer nada". Así valorou un neno o traballo en grupo:

7) Como te sentiches traballando en grupo?

Hoi ben, porque vira que todos xuntos podemos hacer cosas que ao principio pensaba que son imposibles de hacer.

Con respecto aos **obxectivos didácticos**, todo o alumnado acadou dun xeito aceptable os **obxectivos a b, g, h**, sendo quen de explicar información básica sobre a obra (onde está, quen a pintou, cando, onde, quen son os personaxes, canto ocupa, e explicar unha das posibles interpretacións de como se pintou –a recollida na obra de teatro–), manexar a *webquest*, localizar e seleccionar información, comunicala oralmente e por escrito e manifestar un interese crecente polo cadro e os museos. Non obstante, o grao de consecución oscila desde un nivel básico/baixo, no que o esforzo é mínimo e a reflexión nula, ata un nivel alto no que se rematan todas as tarefas, se procesa axeitadamente a información e se achegan reflexións propias. Amósanse estas diferenzas, por exemplo, nas respostas que dan os integrantes dun mesmo grupo a unha pregunta:

- Elegid una obra de Velázquez distinta de *Las Meninas*. Anotad el título, la etapa a la que pertenece y explicad por qué os gusta.

Paisaje de la villa Médicis. Pertenece a la etapa de su 2º viaje a Italia. Me gusta porque es un cuadro que representa un paisaje distinto a los que hay aquí y tiene unas tonalidades que encajan muy bien. Hace que el cuadro sea muy realista y parece que la obra te atrapa.

Esta resposta dunha alumna é de nivel alto, coincidindo coa valoración na avaliación inicial.

pertenece y explicad por qué os gusta. Paisaje de la villa Medici. Pertenece a la etapa de su 2ª etapa de viaje a Italia. Le gusta por que la textura de la pintura y los trazos y la distribución es muy bonita.

A resposta desta alumna está menos elaborada. Coincide co nivel medio na avaliación inicial.

pertenece y explicad por qué os gusta.

2 viaje a Italia: Paisaje de la villa Médicis

O terceiro dos integrantes non a remata. Coincide co nivel baixo na avaliación inicial.

Todos avanzaron na sensibilización cara a arte e o patrimonio cultural. Valoraron *As Meninas* e outras obras de Velázquez, e interesáronse por coñecer diferentes museos. Pero sería necesario seguir traballando con eles para comprobar se este interese se conseguía afianzar e incrementar con outras propostas ou se estaba supeditado ao aliciente da actuación que, como se pode ver, os emocionou:

8) Como te sentiches actuando? Que foi o que máis che gustou da representación da obra?

Sentíame ben e emocionada pola alegría de representar unha obra importante e interesante. Gustoume máis que nada a sensación de ver que o público espera impaciente o teu turno, cando te miran aos ollos...

Ver outros exemplos comentados relacionados co logro destes obxectivos no Anexo 17.

Os **obxectivos c, d** acadáronse parcialmente. Con respecto ao establecemento de relacións entre a obra de arte e os museos, a música e o patrimonio, progresouse na comprensión da relación obra de arte-museos, como xa se explicou na descrición da actividade 5. Tamén quedaron claros aspectos básicos da sociedade estamental, como a iconografía básica que distingue ás diferentes clases sociais. As relacións obra de arte-música, obra de arte-patrimonio da Idade Moderna tratáronse dun xeito máis superficial –por motivos de tempo, tentando compensarse este problema introducindo información complementaria na *webquest* (actividades 4 e 6).

No tocante ao **obxectivo d**, ligado á área de matemáticas, xurdiron máis problemas dos esperados: poucos amosaron destreza para facer estimacións de medidas e realizar correctamente medicións. Aínda que se completou a actividade sería necesario practicar máis para que lograsen facela todos dun xeito autónomo. Si foron quen de facer trazos

xeométricos básicos seguindo instrucións, aínda que non deu tempo a profundar moito nas relacións entre arte e xeometría (ver Anexo 18).

As actividades que máis entusiasmo despertaron e que máis valorou o alumnado ao rematar o proxecto, foron a elaboración do vestiario (**obxectivo e**) e a interpretación (**obxectivo g**). En conxunto, permitiron contribuír ao desenvolvemento de varias competencias (1,5,6,7,8) e axeitábanse ao adestramento de diferentes tipos de intelixencias (1,3,4,5,6), polo que resultaron moi enriquecedoras, desde o punto de vista da sensibilización e goce coa arte, pero tamén, por exemplo, no desenvolvemento da competencia comunicativa, "puesto que una escenificación es un proceso largo y complejo que ocupa muchas sesiones de trabajo y que requiere mucha ejercitación verbal (leer, memorizar, ensayar), acaba siendo un ejercicio notablemente productivo." (Cassany, Luna e Sanz, 1994, p. 156). Aínda sería máis se tivesen redactado o guión teatral eles e non eu, como estaba previsto no **obxectivo (f)** que, polo tanto, non se acadou. Só fixeron algunhas modificacións sobre el.

O deseño de vestiario e a interpretación permitiron traballar de modo integral contidos de Ciencias sociais, Plástica e Lingua galega. A maior parte do alumnado involucrouse na elaboración do vestiario (aínda que foi necesario axudalos debido ás poucas sesións dispoñibles), cuxos resultados se presentan no Anexo 19, para destinar as liñas que restan deste apartado ao obxectivo que se acadou nun grao superior ao esperado, o referido a interpretar un cadro vivente e unha obra de teatro (g), en que todos actuaron (Anexo 20 e 21). Os ensaios comezaron con lecturas do guión ausentes de expresividade e caracterizadas pola rixidez. Neles prestouse atención á comunicación verbal e non verbal, insistíndose especialmente en manter un ton e volume axeitado da voz, na expresividade, naturalidade e xestos. Con respecto ao traballo dunha das destrezas comunicativas, a expresión oral, Cassany et al. distinguen as representacións doutras actividades en que o alumnado pode implicarse máis porque "se hace cargo de un papel definido previamente" (1994, p. 156), memorizan e tratan de facer seu o texto, ensáíase, recibindo *feedback* do mestre ou mestra, e a perspectiva da posta en escena ante o público mantén a súa motivación. Aínda que se gravaron algúns ensaios non deu tempo a velos para que eles mesmos detectasen erros e acertos e mellorasen a interpretación. Finalmente, todos aprenderon o seu papel e, tendo en conta o escaso tempo dedicado para a preparación e pese a que os nervios restaron a espontaneidade acadada nos últimos ensaios, algúns alumnos e alumnas conseguiron facer

interpretacións de bo nivel. Noutros casos, a expresividade foi moito menor, pero partimos dunha situación inicial de timidez acusada nuns casos, ausencia de motivación e negación a aprenderse o guiión noutro e dunha actitude de rexeitamento dos nenos a interactuar coas nenas na despedida da obra, algo ao que amosaron reticencia ata o último ensaio.

O día da posta en escena, todos e todas expresaron a súa satisfacción polo traballo feito, emocionados pola boa acollida do público, sentimentos que se repetiron unhas semanas despois, vendo o vídeo da representación, que lles fixo moita ilusión, e recibindo os traballos feitos polos nenos e nenas doutros cursos en resposta á súa petición. Murphy escribiu que "cualquier actuación de este tipo será lo que más permanezca en la memoria de sus alumnos y alumnas" (2011, p. 67); engado que, grazas á motivación, de comezarse con outro proxecto cando se rematou este, probablemente os resultados serían mellores desde o inicio, sabedores xa de que todo o proceso repercute no produto final.

Así valora unha nena a actuación:

8) Como te sentiches actuando? Que foi o que máis che gustou da representación da obra?

Estaba moi nerviosa o que máis me gustou foi que todos os nenos e nenas estiveran moi atentos a obra, e que fora tan igual co cadro

Conclusiones

Valoración global: en liñas xerais considérase que os obxectivos do traballo se cumpriron, aínda que en diferente medida. Adquiriron coñecementos teóricos sobre a obra, como a identificación dos personaxes; desenvolveron habilidades, coma as de traballo en equipo, e actitudes, como a apreciación do cadro e o goce co mesmo a través das actividades realizadas. A introdución de tarefas relacionadas co patrimonio artístico e sociedade da Idade Moderna axudounos a comprender que a obra de arte ofrece información sobre o momento no que foi creada, e enseguida se decataron de que as vestimentas, a disposición das figuras e mesmo as cores non son arbitrarias. Interesáronse por saber por que Velázquez aparece tamén retratado e polo xogo que dá o espello. Falar do incendio que estivo a piques de rematar co cadro en 1734 e dos obxectos que se conservan nos museos fíxoos reflexionar e comentar ideas sobre a necesidade de conservar o patrimonio para seguir gozando del e que as vindeiras xeracións tamén poidan facelo. No tocante ao desenvolvemento da

sensibilidade estética, a creatividade e a imaxinación, poñerse na pel dos personaxes axudounos a fixarse máis nos detalles da obra, a vivila e achegar ideas para o vestiario, introducir algunhas frases no guión con información que consideraban relevante, suxerir os movementos que debían facer algúns personaxes, etc. Tamén resultou moi positivo o traballo coa *webquest*, malia os problemas coa tecnoloxía WIFI, e mesmo algúns nenos e nenas escribiron na valoración final que consultaran nela información fóra de clase e que lla ensinaran ás súas familias. Traballar en equipo axudounos á hora de seleccionar a información das webs e desenvolver as distintas tarefas. Non sempre se acadou o obxectivo de que fosen equipos cooperativos, pero si comezaron a desenvolver algúns hábitos e estratexias de distribución do traballo, contraste de ideas e axuda mutua para preparar as presentacións. As súas valoracións positivas sobre o traballo en equipo e, en xeral, boa disposición, indican que continuando co traballo durante máis tempo se terían conseguido moitas melloras. O mesmo acontece co obxectivo referido a favorecer o desenvolvemento de distintos tipos de intelixencias. É evidente que en tan pouco tempo non se consegue unha evolución, pero si se puido recadar información sobre a súa competencia nalgunhas áreas ou aspectos, así como as carencias máis notables. En todo caso, a observación e as valoracións do alumnado revelan que é importante que cada neno ou nena atope dentro dun proxecto un ámbito no que sentirse cómodo, acorde coas súas capacidades e intereses. Resulta motivador e permítelles implicarse e afrontar doutro xeito aquelas actividades que non lle son tan afíns. Isto pon de manifesto a necesidade de atender á diversidade nesta dirección, sexa co enfoque as IM ou outro que resulte igualmente axeitado. No Anexo 22 ofrécese información sobre as súas preferencias.

Por todo isto, retomando a hipótese inicial do traballo, considérase que esta se verifica: traballar coa arte desde diferentes perspectivas integrando as visións de diferentes áreas, posibilitar que todos e todas atopen un ou varios ámbitos acordes coas súas capacidades e poidan sentirse a gusto, crear un vínculo emocional entre a obra de arte e o alumnado e dar importancia á motivación, favorecen o desenvolvemento de competencias e as aprendizaxes significativas. Do mesmo xeito, usar unha *webquest* e orientarse pola teoría das IM axudan a lograr estes obxectivos.

Repercusión do proxecto no centro: no remate da obra de teatro, o presentador dáse conta de que as figuras do cadro ían quedar conxeladas de novo sen terlle preguntado que fan

cada noite, idea que abre a *webquest*. Nese momento, Isabel de Velasco e Agustina Sarmiento, as *meninas*, lanzan unha misiva ao público: "Podedes axudarlles vós? Queredes escribirmos a 6º e contarnos que facemos as *Meninas* cando baixamos do cadro?"

Algúns mestres e mestras do centro recolleron a mensaxe e nas seguintes semanas enviaron as súas propostas ao alumnado de sexto, que as acolleu con entusiasmo. En 3º E.P. redactaron unha carta coas ideas de todos os nenos e nenas, en 5º E.P. fixeron redaccións, deixando voar a imaxinación; nunha delas, as Meninas saen á noite madrileña convertidas nun grupo de rock. O alumnado de 5º fixo tamén en Plástica debuxos sobre o cadro, despois de coñecer algunhas das reinterpretacións de artistas contemporáneos (cuxas imaxes se enviaron o día da representación a cada curso por se os mestres e mestras tiñan a ben amosarllas). A isto hai que engadir os *collages* que elaboraron en 1º E.P., empregando papel de periódico en homenaxe aos disfraces dos protagonistas da obra de teatro.

Por último, tras finalizar o proxecto, a mestra de Plástica de 6º E.P. decidiu que eles mesmos fixeran tamén debuxos coa súa particular visión do cadro (Anexo 23).

Posibilidades de ampliación do proxecto: este proxecto podería ser a base dun auténtico traballo por proxectos, que se desenvolvería durante varias semanas ou un trimestre. Isto permitiría profundar máis en aspectos formais do cadro, rastrexar a súa pegada na publicidade ou mesmo partir das interpretacións dos artistas contemporáneos para chegar á obra de Velázquez, desvelando así a súa tradición icónica. En lugar de centrarse nunha das interpretacións da obra, podería planificarse unha investigación na que o propio alumnado descubrixe e discutise outras interpretacións, dando pé ao debate e análise crítica dalgunhas delas. Poderíase facerse unha actividade arredor do patrimonio e/ou sociedade da Idade Moderna na contorna do colexio, por exemplo, organizando unha sesión no Pazo de Oca, elaborando unha guía de monumentos próximos, un taller no que se profundase nas relacións entre arte e poder, outro sobre vestimenta –construíndo un *guardainfante* para comprobar como limita o movemento–, elaborar o itinerario desa viaxe imaxinaria das *meninas* á Galicia do século XVII que se propón na obra de teatro, etc. Outra posibilidade sería cambiar o centro de interese do mesmo por outra/s obras de arte.

Desde a perspectiva do enfoque da teoría das IM as posibilidades de ampliación van desde realizar unha análise detallada das capacidades, conceptos, procedementos, actitudes e linguaxes propias de cada unha delas, deseñando unha batería máis ampla de actividades e

levando a cabo unha avaliación específica de cada intelixencia, ata adaptar o proxecto para desenvolve-lo tamén noutros cursos.

Conscientes de que as teorías poden e deben ser revisadas, e de que deseñar un proxecto centrado nas metodoloxías específicas da teoría das IM era inviable en tan pouco tempo, o aspecto no que se fixo máis fincapé foi en darlle ás artes un papel destacado, o cal non vai en detrimento do traballo das destrezas instrumentais e dos contidos doutras áreas. Por iso, empregáronse estratexias como a obra de teatro, o traballo en grupo, o emprego de música e imaxes... que, se ben se atopan entre as citadas por Armstrong (2006) para favorecer as IM, non son exclusivas deste enfoque. No caso de querer ampliarse o traballo nesta dirección, empregando estratexias máis específicas, sería necesario unha reflexión máis profunda por parte do mestre ou mestra para traducir os materiais dunha intelixencia a outra, como explica Armstrong co seguinte exemplo:

¿cómo podemos tomar un sistema de símbolos lingüísticos, como la lengua española, y traducirlo no a otros idiomas lingüísticos, como el inglés o el francés, sino a los idiomas de las otras inteligencias (imágenes, expresión física o musical, símbolos o conceptos lógicos, interacciones sociales y conexiones intrapersonales)? (2006, p. 88)

Para acadar este obxectivo sería recomendable que o deseño do proxecto non correse a cargo dunha soa persoa, senón dun equipo interdisciplinario, traballando dun xeito cooperativo para conseguir familiarizarse con técnicas e ferramentas propias das distintas áreas. Sexa ou non coa intención de aplicar o enfoque das IM, a bibliografía e webgrafía citada achega interesantes exemplos para deseñar actividades enriquecedoras, interdisciplinarias, estratexias para avalialas e recomendacións para a organización da aula e a apertura ao centro, a participación das familias e as relacións con outras institucións da comunidade, como é o caso dos museos.

As Meninas foron o fío condutor neste caso, como exemplo das posibilidades que ofrece a arte para o traballo nas aulas e os recursos dispoñibles en Internet para sacarlles proveito, especialmente se a observación directa non é posible. En todo caso, é necesario achegalas ao alumnado de Primaria para que poidan comprendelas, valoralas, gozar con elas e transmitirle isto aos demais.

En efecto, si se deja a los niños solos, para que aprendan por sí mismos a comprender el arte, es muy posible que todo el campo artístico permanezca para ellos tan distante como una estrella y tan misterioso como las palabras de una lengua muerta. (Gardner, 1982, p. 153)

Referencias documentais

- Aguilera, C. e Villalba, M. (1998). *¡Vamos al museo!: Guías y recursos para visitar los museos*. Madrid: Narcea.
- Albarellos, X. C. (2007). Entrevista: Manuel Area Moreira. *Revista Galega de Educación*, 38 (Competencia dixital e ferramentas TIC), 16-23.
- Antunes, C. (1999). *Estimular las inteligencias múltiples: Qué son, cómo se manifiestan, cómo funcionan*. Madrid: Narcea.
- Armstrong, T. (2006). *Inteligencias múltiples en el aula: Guía práctica para educadores*. Barcelona: Paidós.
- Balsamo, M. R. (2015). Actividades para trabajar las inteligencias múltiples. Recuperado o 7 de xuño de 2015 de < <http://es.slideshare.net/plasticabyla/inteligencias-mltiples-marabalsamo-2015>>
- Brown, J. (1992). *Velázquez: Pintor y cortesano*. Madrid: Alianza.
- Calaf, R. (2009). *Didáctica del patrimonio: Epistemología, metodología y estudio de casos*. Gijón: Ediciones Trea.
- Calaf, R. e Fontal, O. (2010). *Cómo enseñar arte en la escuela*. Madrid: Síntesis.
- Cassany, D., Luna, M. e Sanz, G. (1994). *Enseñar lengua* (6ª ed.). Barcelona: Graó.
- Checa, F. (2008). *Velázquez: Obra completa*. Barcelona: Electa.
- Couso, M. C. (2013). Traballar con proxectos na escola. En M. M. Castro, X. Rodríguez e M. H. Zapico (Coords.), *Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras* (pp. 317-323). Noia: Toxosoutos.
- De la Cruz, I. (2009). *Enseñar Historia del Arte: Una propuesta didáctica para Primaria y Secundaria*. Madrid: Editorial CCS.
- Delgado, S., López, R. e García, S. (2007). *Velázquez, ese gran pintor: (Proyectos de trabajos para educación infantil)*. Sevilla: Fundación ECOEM.
- Ferrándiz, C. (2005). *Evaluación y desarrollo de la competencia cognitiva: Un estudio desde el modelo de las Inteligencias Múltiples*. Madrid: Centro de Investigación y Documentación Educativa.
- Fontal, O. (2003). *La educación patrimonial: Teoría y práctica para el aula, el museo e internet*. Gijón: Trea.
- Fontal, O. (Coord.) (2013). *La educación patrimonial: Del patrimonio a las personas*. Gijón: Trea.
- Gardner, H. (1982). *Art, mind and brain: A cognitive approach to creativity*. Ed. esp. de Barcelona, Paidós, 2005.

- Gardner, H. (2010). *La inteligencia reformulada: Las inteligencias múltiples en el siglo XXI*. Barcelona: Paidós.
- Gardner, H. (2011). *Inteligencias múltiples: La teoría en la práctica*. Barcelona: Paidós.
- Gardner, H. (2013). Frequently asked questions-multiple intelligences and related educational topics. Recuperado o 8 de xullo de 2015 de https://howardgardner01.files.wordpress.com/2012/06/faq_march2013.pdf
- González-Pérez, J. e Criado, M. J. (2009). *Psicología de la educación para una enseñanza práctica* (7ª ed.). Madrid: CCS.
- Johnson, D. W., Johnson, R. T. e Holubec, E. (2004). *El aprendizaje cooperativo en el aula*. Buenos Aires: Paidós.
- Llobet, C. (2011). Enseñar y aprender Historia del Arte en la Educación Primaria. En A. Santisteban e J. Pagès (Coords.), *Didáctica del Conocimiento del Medio Social y Cultural en Educación Primaria: Ciencias Sociales para aprender, pensar y actuar* (pp. 269-294). Madrid: Síntesis.
- Marías, F. (1999). *Velázquez: Pintor y criado del rey*. Hondarribia: Nerea.
- Mujica, M. (1984). *Un novelista en el Museo del Prado*. Barcelona: Seix Barral.
- Murphy, J. (2011). *Más de 100 ideas para enseñar historia: Primaria y secundaria*. Barcelona: Graó.
- Oller, M. (2011). Métodos y estrategias para la enseñanza y el aprendizaje de las Ciencias Sociales. En A. Santisteban e J. Pagès (Coords.), *Didáctica del Conocimiento del Medio Social y Cultural en Educación Primaria: Ciencias Sociales para aprender, pensar y actuar* (pp. 163-183). Madrid: Síntesis.
- Prieto, M. D. e Ballester, P. (2003). *Las inteligencias múltiples: Diferentes formas de enseñar y aprender*. Madrid: Pirámide.
- Prieto, M. D. e Ferrándiz, C. (2001). *Inteligencias múltiples y curriculum escolar*. Archidona (Málaga): Aljibe.
- Roig, R. (2007). Internet aplicado a la educación: webquest, wiki y weblog. En J. Cabero (Coord.), *Nuevas Tecnologías Aplicadas a la Educación* (pp. 223-243). Madrid: McGraw-Hill.
- Santacana, J. e Llonch, N. (2012). *Manual de didáctica del objeto en el museo*. Gijón: Trea.
- Temprano, A. (2009). *Webquest: Aproximación práctica al uso de Internet en el aula*. Sevilla: MAD.
- Xunta de Galicia (2007). Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 9 de xullo de 2007, 132, 11.666-11.760. Recuperado o 7 de xuño de 2015 de <http://goo.gl/Mf6lyU>

Webgrafía:

- Arte en la escuela: <<http://arteenescuela.blogspot.com.es/>> [Consultado o 26/06/15]
- Colegio Antonio de Nebrija (Murcia): <<http://inteligenciasmultiplesnebrija.blogspot.com.es/>> [Consultado o 26/06/15]

- Colegio Montserrat (Barcelona): <<http://www.cmontserrat.org/>> [Consultado o 26/06/15]
- Colegio Obradoiro (A Coruña): <<http://colegioobradoiro.blogspot.com.es/2013/05/el-desarrollo-de-las-inteligencias.html>> [Consultado o 26/06/15]
- La familia de Felipe IV o Las Meninas. Audioguía infantil do Museo del Prado <<https://www.museodelprado.es/pradomedia/multimedia/la-familia-de-felipe-iv-o-las-meninas-velazquez/>> [Consultado o 26/06/15]
- Las Meninas y Velázquez, de D. García Martínez, D.: <<http://www.iticlab.es/majwq/wq/ver/209>> [Consultado o 26/06/2015]
- Las TIC en Plástica: <<http://blog.educastur.es/luciaag/planet/>> [Consultado o 26/06/15]
- Mirar Velázquez, de J. Rubio: <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos/concurso1999/3premio/> [Consultado o 26/06/2015]
- Velázquez, de M. Granados: <<http://webquest.carm.es/majwq/wq/ver/3042>> [Consultado o 26/06/2015]

Anexos

Anexo 1. Táboa 1. Correspondencia entre obxectivos, competencias, contidos, intelixencias múltiples e actividades

Anexo 2. Ficha da *webquest* (táboa 4)

Anexo 3. Temporalización (táboa 5)

Anexo 4. Ficha actividade 1: Avaliación inicial

Anexo 5. Ficha actividade 2: Conociendo el cuadro

Anexo 6. Ficha actividade 3: Dimensións e xeometría do cadro

Anexo 7. Instrucións para o estudo xeométrico

Anexo 8. Actividade 5: Coñecendo os museos. Imaxes PowerPoint

Anexo 9. Información complementaria para as actividades 6-7 na *webquest*

Anexo 10. Ficha: A sociedade estamental

Anexo 11. Guía para o deseño do vestuario (táboa 7)

Anexo 12. Guión da obra de teatro

Anexo 13. Cuestionario de valoración final

Anexo 14. Exemplos de producións da actividade 5

Anexo 15. Dous exemplos da táboa de avaliación (táboas 8 e 9)

Anexo 16. Exemplos de producións da actividade 1

Anexo 17. Exemplos de producións da actividade 2

Anexo 18. Producións actividade 3: Dimensións e xeometría do cadro

Anexo 19. Exemplos do vestuario para a obra de teatro

Anexo 20. Vídeo da obra de teatro

Anexo 21. Fotografías da actuación

Anexo 22. Que lles gustou máis?

Anexo 23. Repercusión do proxecto no centro

ANEXO 1

Táboa 1. Correspondencia entre obxectivos didácticos, competencias, contidos, intelixencias múltiples e actividades

Obxectivos	Competencias	Contidos	Intelixencias múltiples	Actividades
a) Ser quen de explicar información básica sobre o cadro <i>As Meninas</i> , os seus personaxes e o seu autor.	1) Comunicación lingüística 6) Cultural e artística	1. <i>As Meninas</i> : o autor e o cadro. Os personaxes do cadro. 5. Localización, selección da información, redacción e comunicación...	1) Lingüística	2. Coñecendo o cadro, 3. Dimensións..., 9. Guión teatral, 10. Cadro vivente e obra
b) Ser quen de localizar e seleccionar información en Internet a partir dos enlaces proporcionados na webquest e de comunicala por escrito e oralmente.	1) Comunicación lingüística 4) Tratamento da información e competencia dixital 8) Autonomía e iniciativa persoal	4. Manexo da webquest. 5. Localización, selección da información, redacción e comunicación...	1) Lingüística	2. Coñecendo o cadro, 5. Coñecendo os museos, 6. Coñecendo o noso patrimonio, 7. A sociedade estamental
c) Ser quen de establecer relacións entre a obra de arte e o seu contexto presente (os museos) e pasado (sociedade, música e patrimonio).	1) Comunicación lingüística 5) Social e cidadá 6) Cultural e artística	2. A obra de arte no seu contexto: patrimonio, sociedade e música. 3. Os museos: definición e exemplos.	1) Lingüística 2) Lóxico-matemática 4) Musical 5) Cinético-corporal	4. Escollo a música 5. Coñecendo os museos, 6. Coñecendo o noso patrimonio, 7. A sociedade estamental
d) Estimar medidas, empregar instrumentos de medición, desenvolver estratexias de cálculo e facer trazos xeométricos con escuadro e cartabón.	2) Matemática 3) Coñecemento e interacción co mundo físico	6. Estimación de medidas, medidas con metro e cinta métrica e debuxo con escuadro e cartabón.	2) Lóxico-matemática 3) Espacial 5) Cinético-corporal	3. Dimensións e xeometría do cadro
e) Elaborar disfraces empregando plásticos e papeis variados.	6) Cultural e artística 8) Autonomía e iniciativa persoal	7. Elaboración de vestuario con papeis variados, plásticos e outros materiais.	3) Espacial 5) Cinético-corporal 6) Interpersoal	8. Elaborando o vestuario
f) Ser quen de redactar un guión teatral recollendo ideas das actividades realizadas.	1) Comunicación lingüística 6) Cultural e artística 7) Aprender a aprender	8. Redacción dun guión teatral.	1) Lingüística	9. Guión teatral
g) Interpretar un personaxe nun cadro vivente e nunha obra de teatro, prestando atención á linguaxe verbal, non verbal e á danza.	1) Comunicación lingüística 5) Social e cidadá 6) Cultural e artística 7) Aprender a aprender	9. Memorización e interpretación dun papel teatral.	1) Lingüística 3) Espacial 4) Musical 5) Cinético-corporal 6) Interpersoal	10. Cadro vivente e representación teatral
h) Amosar sensibilidade e interese pola arte e a conservación do patrimonio cultural.	3) Coñecemento e interacción co mundo físico 5) Social e cidadá 6) Cultural e artística	10. Respecto e sensibilidade cara o patrimonio cultural e goce coa arte.	6) Interpersoal 8) Naturalista	1. Que sabemos?... , 4, 5, 6, 10 e 11. Que aprendemos?...
i) Participar activamente no traballo en grupo, amosando respecto cara aos demais.	5) Social e cidadá 7) Aprender a aprender 8) Autonomía e iniciativa persoal	11. Colaboración activa e respecto no traballo en grupo.	6) Interpersoal 7) Intrapersoal	Actividades 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10

Anexo 2. Ficha da *webquest*

Táboa 4. Estrutura da <i>webquest</i> Cando as Meninas baixan do cadro < http://mariacarbiavilar.wix.com/meninas >		
Sección	Contido	Enlaces proporcionados e recursos
Introdución	Idea xeral do proxecto	Cita de <i>Un novelista en el Museo del Prado</i> (Mujica, 1984)
Tarefa	Presentación da tarefa ou produto final	Ficha de catálogo da obra no Museo del Prado: < https://goo.gl/sC1dDG > As Meninas en gigapixel con Google Earth
Proceso	Actividade 1	PDF ficha de avaliación inicial
	Actividade 2	PDF ficha actividade Enlaces: Mirar Velázquez < http://goo.gl/vwl1LO >, audioguía infantil Las Meninas do Museo del Prado < https://goo.gl/MJ9MQ5 >, vídeo Sobrevivir Las Meninas < https://goo.gl/gsdOvP >
	Actividade 3	PDF ficha actividade 3 e PDF coa actividade de xeometría do cadro
	Actividade 4	Información e retratos de Lully, Pachelbel, Vivaldi, Bach e Händel. Enlaces para escoitar obras dos catro primeiros e enlace para ver un vídeo dunha danza con música de Händel.
	Actividade 5	PDF coa presentación sobre os museos proxectada e comentada na aula Actividade sobre os museos e enlace a Museos de Galicia < http://museos.xunta.gal/ >
	Actividades 6 e 7	Información e imaxes relacionadas co patrimonio. Actividade e enlace a Turismo A Estrada < http://turismo.aestrada.com/que-visitar/ >
	Actividade 8	Información e imaxes que ilustran o tema da sociedade estamental, a representación das clases sociais na arte e a relación arte-poder. PDF coa ficha da actividade
	Actividade 9	Información e varios PDF (guía vestuario e guiión teatral)
	Actividades 10 e 11	Non se traballou coa <i>webquest</i> . Só se fai referencia ás mesmas
	Conclusión	Reflexión final
Avaliación		Non se traballou con este apartado da <i>webquest</i> . Recóllese a información xeral que se lles daba sobre a valoración que terían as actividades
Ficha didáctica	Guión	Guión didáctico para orientar ao profesorado
Contacto	Contacto	Contacto para enviar dúbidas e/ou comentarios

Na seguintes páxinas preséntanse capturas de pantalla dalgunhas seccións da *webquest*

INTRODUCCIÓN TAREFA PROCESO AVALIACIÓN GUÓN DIDÁCTICO CONTACTO Crea un

Cando as Meninas baixan do cadro

No libro *Un novelista en el Museo del Prado*, o escritor arxentino Manuel Mujica Láinez contanos o que acontece no museo cando este pecha as súas portas: as esculturas e as figuras das pinturas cobran vida!

"A poco que cae la tarde y que empieza a anochecer, los personajes de las pinturas y las estatuas del Museo del Prado, se desperezan y sacuden. Durante el día entero, permanecieron inmóviles, dentro de sus marcos o encima de sus pedestales, para admiración y tranquilidad de los turistas. Nadie, ni el estudioso más avizor, pudo advertir alguna mudanza en sus actividades a menudo embarazosas, tan habituados están a cumplir con la plástica tarea que les asignó la imaginación de sus creadores. Entonces, descabalgua el feroz caballero y cesa la fuga, en los óleos de Sandro Boticelli; suelta Velázquez el pincel, y las Meninas se frotan los brazos, entumecidos;..." (1984, p. 9).

As Meninas! Non imos ler máis: temos que imaxinar que fan as Meninas cando baixan do cadro. Para iso teremos que darlles vida!



Fonte da cita: Mujica, M. (1984). *Un novelista en el Museo del Prado*. Barcelona: Seix Barral.

© 2014 by María Carbia Vilar. Proudly created with Wix.com

Apartado de introdución da webquest

Como imos dar vida ás Meninas?

Facendo un cadro vivente

E non só iso, senón que será un cadro vivente comentado a través dunha representación teatral.

Para iso haberá que continuar o relato da Introducción, presentando aos personaxes que interveñen e explicando que fan cando cobran vida e baixan do cadro. Só hai unha condición: eles seguen estando en 1656!



Fonte da imaxe pulsando [aquí](#)

Traballando en equipo

Coma se traballaramos nunha obra de teatro ou nunha película, será necesario documentarnos, facer o guión,

Ficha técnica


Título:
Autor:
Data:

Parte do apartado de presentación da tarefa


Actividades

1. Que sabemos? Que queremos saber? Sobre que nos informa a arte?

- Que é un museo? Para que serve?
- Cales visitaches e que lembrás deles?
- Que artistas coñeces?
- Gústache a arte? Por que?
- Cita algunha obra de arte que coñezas, indica se che gusta ou non e explica por que.
- Fai un esbozo do cadro *As Meninas* e indica o que saibas del (podes combinar debuxo e texto).
- Que máis che gustaría saber deste cadro?
- Sobre que nos pode dar información unha obra de arte?

Contestárase individualmente a estas preguntas neste documento que se entregará impreso , e despois farase unha posta en común, co fin de dar resposta ás preguntas que forman o título desta actividade.

2. Coñecendo o cadro. Quen é quen?

É o momento de documentar a obra, traballando en **grupos de 3**. Haberá que completar a información que se pide nesta ficha , que se entregará impresa Para iso dispoñedes dos seguintes recursos:

- Para facer a ficha técnica da obra: na pestana Tarefa desta web pincha onde pon Ficha catálogo.
- Para informarse sobre o pintor, Diego Rodríguez de Silva y Velázquez: [Mirar Velázquez](#)
- Para coñecer os aspectos máis importantes do cadro e saber quen é quen na obra:
 - Audioguía infantil de La familia de Felipe IV, o Las Meninas de Velázquez (Museo Nacional del Prado): [As Meninas](#)
 - [Sobrevivir las Meninas](#)

Unha parte do apartado de proceso

4. Escollendo a música. Danza


Toca escoller a "banda sonora" para o cadro vivente.

A peza non ten que ser do mesmo ano ca o cadro, mais si do mesmo período artístico: o barroco. Escoitade as seguintes pezas dalgúns dos compositores de máis sona do momento. Cada grupo votará por unha.

Jean-Baptiste Lully

Compositor, instrumentista e bailarín nado en Florencia en 1652. Con 10 anos trasladouse a Francia, onde desenvolvería a súa carreira. Faleceu en 1687.

O Burgués Xentilhome (1670) [Escoitar](#)



Fonte da imaxe: <http://goo.gl/0kEBKS>



Johann Pachelbel

Compositor, clavicembalista e organista alemán. Naceu en 1655 e faleceu en 1706. A súa obra máis coñecida é:

Canon en DoM (ca 1680) [Escoitar](#)

Fonte da imaxe: <http://goo.gl/PZ3py1>

Antonio Vivaldi

Compositor e músico italiano. Naceu en Venecia en 1678 e faleceu en Viena en 1741. É autor das *Catro estacións*, unha das obras máis reproducidas do repertorio de música clásica.

A primavera, Primeiro Movemento. *Allegro (As catro estacións)* [Escoitar](#)



Fonte da imaxe: <http://goo.gl/yLPwdy>



Johann Sebastian Bach

Aspecto de parte doutra actividade do apartado de proceso

Anexo 3. Temporalización

Táboa 5. Temporalización		
ACTIVIDADE	DURACIÓN E ÁREA	DESCRICIÓN
Primeira semana		
I. Presentación e coñecementos previos		
1. Que sabemos? Que queremos saber?...	Sesión 1; 1 h Coñecemento do medio	Presentación do proxecto. Motivación. Aproximación aos coñecementos previos. Choiva de ideas.
Segunda e terceira semana		
II. Documentación e produción		
2. Coñecendo o cadro. Quen é quen?	Sesións 2 e 5; 2 h Lingua castelá	Quen é quen? Busca información, vídeos, toma notas, posta en común.
3. Dimensións e xeometría do cadro	Sesións 3 e 6; 2 h Matemáticas	Traballo medidas, composición e distribución no espazo.
4. Escollendo a música	Sesión 4; 50' Ed. A. Música	Aproximación á música da época para escoller a banda sonora. Danza.
5. Coñecendo os museos	Sesións 8 e 10; 2 h Coñecemento do medio	Localización información e obras nas webs dalgúns museos galegos.
6. Coñecendo o noso patrimonio e 7. A sociedade estamental	Sesión 12; 1 h Coñecemento do medio	As pegadas da historia no patrimonio galego e no entorno próximo ao centro. Sociedade estamental.
8. Elaborando o vestuario	Sesións 7, 9 e 14; 3 h Plástica e hora estudo	Elaboración do vestuario con plásticos, periódicos e papeis varios.
9. Guión teatral	Sesión 11; 20' Lingua galega	Lectura do guión redactado pola mestra, correccións e engadidos suxeridos polo alumnado en función dos seus personaxes e de como cren que se senten no cadro.
Ensaio do cadro vivente e obra de teatro (terceira e cuarta semana)		
III. Representación teatral (actividade 10)		
Primeiro ensaio xeral na aula	Sesión 13; 40' Coñecemento do medio	
Lectura da obra	15' en Lingua castelá	Pronunciación, modulación da voz e expresión oral
Segundo e terceiro ensaio xeral na aula	Sesión 15; 1 h en total Hora de estudo	
Primeiro ensaio xeral no salón	Sesión 16; 40' Hora de estudo	
Lectura da obra	15' en Lingua galega	Expresión oral
Segundo ensaio xeral no salón. Con vestuario	Sesión 17; 1 h Plástica	
Terceiro ensaio xeral no salón. Con vestuario	Sesión 18; 1 h Coñecemento do medio	
Cadro vivente e representación teatral (cuarta semana) 7/11/14		
Primeira sesión	De 15:25 a 15:45 aprox.	Representación para Infantil e 1º e 2º E.P.
Segunda sesión	De 16:10 a 16:25 aprox.	Representación para 3º, 4º e 5º E.P.
IV. Avaliación		
11. Que aprendemos? Que nos gustou máis? Como o valoramos?	Sesión 19; 40' Hora de estudo	Cuestionario de valoración final do proxecto . Lectura da carta que enviaron os de 3º E.P. como resposta á petición final expresada na obra de teatro.

Anexo 4. Ficha actividade 1: Avaliación inicial

ACTIVIDADE 1: Que sei? Que quero saber?.....Data:

1) Que é un museo? Para que serve?

2) Completa a seguinte táboa:

Museos que coñezo	Visiteino	Coñeces a súa web	Gustouche?	Que lembrás del?
	Si / Non	Si / Non	Si / Non Motivo:	

Coñeces máis? Cítaos:

3) Cita os nomes de artistas que coñezas.

4) Gústache a arte? Por que?

5) Cita algunha obra de arte que coñezas. Se che gusta indícao e explica por que.

6) Fai un esbozo do cadro *As Meninas*, indicando o que saibas del (podes combinar debuxo e texto).

7) Que máis che gustaría saber deste cadro?

8) Sobre que nos pode dar información unha obra de arte?

Anexo 5. Ficha actividad 2: Conociendo el cuadro

ACTIVIDAD: Conociendo el cuadro..... Fecha:

1) Ficha técnica del cuadro

Títulos (3):

Autor:

Fecha:

Dimensiones:

Técnica:

Lugar en que se encuentra actualmente:

2) El autor: Diego Rodríguez de Silva y Velázquez

- Lugares y fechas de nacimiento y muerte:

- Etapas de su vida y pintura:

- Tres museos próximos en los que podamos ver alguna obra suya:

- Elegid una obra de Velázquez distinta de *Las Meninas*. Anotad el título, la etapa a la que pertenece y explicad por qué os gusta.

3) ¿Quién es quién?

Numerad los personajes del cuadro y, en el siguiente folio, escribid quién es quién. Además del nombre debéis recoger la información necesaria para poder presentarlo.

Redactad la información en primera persona, para que después nos resulte más fácil hacer el guión teatral.



Anexo 6. Ficha actividade 3: Dimensións e xeometría do cadro

ACTIVIDADE 3: *As Meninas*, dimensións e xeometría do cadro..... Data:

En grupos de 3:

1) Estimade a ollo canto miden os seguintes obxectos:

- a) O taboleiro da vosa mesa:
- b) A porta da aula:
- c) O encerado:

2) Realizar as medidas e indicalas na táboa, copiando despois as dos restantes grupos para calcular a media aritmética e ter un resultado o máis fiable posible.

	Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4	Grupo 5	Grupo 6	Media aritmética
Taboleiro mesa							
Encerado							
Porta							

3) Sabemos que o cadro *As Meninas* mide 318 cm x 276 cm, cabería na nosa aula?

Delimitación da superficie do cadro no patio. Grupos de 4/5. Marcamos esquinas con cinta adhesiva. Despois recollémola.

4) Unha aproximación á xeometría do cadro: credes que Velázquez fixo algún estudo xeométrico da composición da obra para pintala?

Empregando escadra, cartabón e rotuladores, seguir as instrucións que se dean na aula de trazado de segmentos paralelos, perpendiculares e diagonais sobre a imaxe que figura na seguinte páxina.



Fonte da imaxe: Museo Nacional del Prado. Ficha de catálogo. <<https://www.museodelprado.es/coleccion/galeria-on-line/galeria-on-line/obra/la-familia-de-felipe-iv-o-las-meninas/>>

Anexo 8. Actividade 5: Coñecendo os museos. Imaxes do PowerPoint

Que son os museos?

Para que serven?



O que escribistes:

- edificio / lugar público
- no que se expoñen obras de arte / cousas moi antigas / grandes inventos
- serven para que esas obras estean alí
- para que a xente as vexa e aprenda cultura, historia



Comprobamos:

1) EDIFICIO

- Xeralmente si
- Creados para a nova función ou preexistentes
- Pero... hai museos ao aire libre
Exemplo: Museo de Escultura de Leganés (Madrid)



ESCUPTURAS AL AIRE LIBRE. EL ARTE QUE RESPIRA.
Inaugurado en 2005 por la Ministra de Cultura el Museo presenta un conjunto de obras que reflejan el recorrido de la escultura española a lo largo del Siglo XX y se sitúan en estos primeros años del Siglo XXI.

2) Lugar público

- Hai museos públicos, pero tamén privados
- Públicos: estatais, de comunidades autónomas, municipais, das diputacións,...
- Privados: da igrexa, de particulares, de institucións, fundacións, empresas,...

TITULARIDADE

3) Expoñen obras de arte / cousas moi antigas / grandes inventos

?



Exemplo do Museo Nacional del Traje

- **Traje**

Karl Lagerfeld Chaqueta de lana blanca con cuello vuelto, solapa y faldilla. Entallada y en el delantero la faldilla simula la cartera de los bolsillos que sobrepasan el borde inferior de la chaqueta. Va decorada con un pespunte en negro y el cuello y puños con terciopelo negro. Se cierra en el delantero con automáticos y botones decorativos con abalorios que van del blanco al negro. La falda de capas superpuestas de tul negro sin rematar en los bordes. Ètè 03 nº 22 JACQUELINE 2003 París Donación de Casa Chanel, París, 2004 INVENTARIO: MT92709

En realidade...

patrimonio material e inmaterial da humanidade



- Patrimonio: conxunto de cousas materiais ou inmateriais de certa antigüidade e importancia recoñecida, pertencente a unha colectividade (Diccionario da Real Academia Galega)
- Artístico, natural, tecnolóxico, inmaterial,...

4) Serven para que esas obras estean alí

Funcións dos museos:

adquisición	conservación	documentación
investigación	comunicación	exhibición

5) Para que a xente as vexa e aprenda cultura, historia

Só ver e aprender?

- https://www.museodelprado.es/pradomedia/?pm_subcat=10&pm_cat=2&pm_video=on&pm_audio=on&pm_interactivo=on

“Un museo es una institución permanente, sin fines de lucro, al servicio de la sociedad y abierta al público, que adquiere, conserva, estudia, expone y difunde el patrimonio material e inmaterial de la humanidad con fines de estudio, educación y recreo.”

Definición do ICOM (Austria, 2007)

Museos na rede

- Buscas libres museos do mundo. Webs propias. Visitas virtuais
- Buscas a través de directorios. Exemplos:
 - Directorio de museos estatais (España) <http://directoriomuseos.mcu.es/dirmuseos/mostrarBusquedaGeneral.do>
 - Directorio de museos galegos <http://museos.xunta.es/>

Hai moitos máis!

6. Coñecendo o noso patrimonio

As Meninas é unha das obras de arte máis representativas de todos os tempos. Pertence ao estilo **barroco**, que se desenvolveu principalmente durante o século XVII, aínda que nalgúns países continuou durante o século XVIII. Este estilo trouxo grandes cambios aos nosos pobos e cidades, que se conservaron en boa medida ata hoxe. Construíronse grandes prazas, fachadas espectaculares, cheas de decoración, e os artistas empeñáronse en xogar co espectador, como acontece no cadro que estamos estudando.

Algúns exemplos destas transformacións: Velázquez pintou *As Meninas* no seu estudo do Real Alcázar de Madrid (imaxe da esquerda), onde vivía coa familia real e a súa corte. Este edificio, no que había unha importante colección de obras de arte, ardeu na Noiteboa de 1734. Parte das obras de arte que conservaba perdéronse, outras, como a que estamos estudando, foron rescatadas. No seu lugar comezaría a construírse en 1738 o actual Palacio Real de Madrid (imaxe da dereita). Esta nova edificación, cambiaría o aspecto da cidade.




Fonte da imaxe: <http://goo.gl/Cft7fO>



Fonte da imaxe: <http://goo.gl/NtSRN3>

Tamén Santiago de Compostela se transformou durante o barroco. Baixo estas liñas podes ver dúas imaxes do aspecto que podería ter no momento en que Velázquez pintou *As Meninas*. Que cambios observades con respecto á actualidade?



Fonte das imaxes: Vicente, S., Prado, J. e Serrano, J. L. (2010). *Compostela, una historia entretenida: atlas histórico ilustrado de la ciudad de Santiago*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, Consorcio de Santiago, p. 111 e <http://goo.gl/XYm5Tq>

Imaxínade que *As Meninas* visitan A Estrada en 1656. A onde as levaríades?

Como credes que era a vila?

A que lugares xa existentes de tempos anteriores ou en fase de construción naquel momento as poderíades levar?

En equipos de 3

Na páxina web [A Estrada. Destino turístico](#) pinchade na pestana Patrimonio cultural. Como vedes na parte superior da mesma, permítevos desplegar ata cinco páxinas. Nelas aparecen diferentes monumentos e unha pequeno texto explicativo. Pinchando sobre cada un deles amplíase a información e a fotografía.

Elixide:

- 1- Un pazo que xa comezara a construírse en 1656
- 2- Unha igrexa que xa existira por esas datas (aínda que despois se reformase)
- 3- Explicade aos vosos compañeiros e compañeiras a razón da vosa elección.

7. A sociedade estamental

Na anterior actividade falamos de pazos e igrexas. A quen pertencían?

Arte e poder estaban moi ligados neste momento. A arte barroca é, sobre todo, propaganda do poder: grandes palacios, con coidados xardíns, prazas espectaculares, fachadas ornamentais, retablos dourados,...


Na pintura, sen embargo, xunto aos retratos de reis e personaxes poderosos, os pintores deste momento tamén pintaron tipos populares.

Como pensades que se retrataba aos reis para facelos recoñecibles? Seguen a vestir hoxe en día de xeito diferente ao resto das persoas? E o clero?

A **sociedade estamental**: non todos os homes eran iguais. Había división da sociedade por estamentos (grupo social ao que se pertencía por nacemento): os **privilexiados** e os **non privilexiados** (ou xente común).

Privilexios: non pagaban impostos, propietarios das terras, ocupaban os máis importantes cargos do goberno.

Clasifícade estes personaxes segundo vos pareza que pertencen ás clases privilexiadas ou non privilexiadas. Razoade a resposta. Que vos axudou a identificalos?



Arriba:
O aceiteiro (Antonio de Puga)
Vella fritindo ovos (Velázquez)
Retrato de Inocencio X (Velázquez)

Debaixo:
Filipe IV a cabalo (Velázquez)
O afiador (Antonio de Puga)

Fonte das imaxes: Pulido Novoa, Antón (Dir.) (2004). *Artistas galegos. Pintores (ata o romanticismo)*. Vigo: Nova Galicia Edicións, pp. 102 e 105; <http://goo.gl/7cu8AC>; <http://goo.gl/ZY9Vjs> e <http://goo.gl/DxIBW1>

Por último, completamos nas fichas que se nos entreguen na aula, a pirámide que representa á poboación dos séculos XVI, XVII e XVIII.


Imaxes: capturas de pantalla da *webquest* Cando as Meninas baixan do cadro

Anexo 10. Ficha: A sociedade estamental

ACTIVIDADE: Sociedade dos séculos XVI, XVII e XVIII.....Data:

1) No equipo de 3 discute en que oco debería aparecer o personaxe da tarxeta que se vos entrega. Escríbeo a lapis.

2) Na posta en común, completade a pirámide co que achegan os demais equipos.



Fonte da imaxe: Casajuana, R., Cruells, E., Escalas, T., García, M., Gatell, C., Ortega, R., ..., Viver Pi-Sunyer, C. (2001). *Medio Natural, Social e Cultural. 6. Educación Primaria. Terceiro Ciclo*. A Coruña: Vicens Vives, p. 236.

Anexo 11. Guía para o deseño do vestiario

Táboa 7. Guía para a elaboración do vestiario			
CADRO VIVENTE		FÓRA DO CADRO	
Velázquez	De negro. Con paleta e pinceis. Cruz de Santiago no peito.	Narrador/a	Con gravata se o desexa. Pode elixir vestiario elegante/informal.
Menina Agustina Sarmiento	Traxe con periódicos e "papel pinocho". Adorno no peito e flores na cabeza.	Visitantes 1 e 2	Caracterizadas coma turista.
Infanta Margarida	Traxe con papel branco e rosa. Flor na cabeza e adorno sobre o peito.	Reis Filipe IV (2, facer os dous traxes iguais)	Casaca con bolsa plástico e cinta illante.
Menina Isabel de Velasco	Traxe con periódicos e "papel pinocho". Adorno no peito e flores na cabeza.	Raíñas Mariana de Austria (2, facer os dous traxes iguais)	Traxe con periódicos. Adorno sobre o peito. Queren levar coroa, haberá que xustificalo no guión porque no cadro non figura (é un cadro de familia).
Maribárbola	Traxe con papel beixe, periódicos e "papel pinocho". Adorno no peito e flor na cabeza.	Escenógrafa	Pode levar colgada unha cinta métrica e vestirse segundo a moda actual.
Nicolasito Pertusato	Camiseta vermella e pantalón curto.		
Mastín Salomón	Diadema con orellas que non tape rostro e casaca de plástico.		
Marcela de Ulloa	Touca ou vestido branco e pano escuro. De loito, é viúva.		
Diego Ruíz de Ancona	De escuro. Levará, aínda que non aparece no cadro, un adorno branco sobre o peito feito de "papel pinocho".		
José Nieto	De escuro. Facer capa con bolsa plástico negra.		

O alumnado aportou algunhas prendas de roupa e complementos para caracterizar a algúns personaxes. Levouse ao colexio para a representación un xerro de barro e un cabaleta.

CANDO AS MENINAS BAIXAN DO CADRO

Cadro vivente e representación teatral

Autores: María Carbia Vilar coa colaboración do alumnado de 6º E.P.

(No escenario, os personaxes ocupan os seus lugares, imitando o mellor posible as posicións e xestos cos que aparecen representados no cadro As Meninas, de Velázquez. Á esquerda do escenario, escondidas tras un vulto están as dúas Visitantes e máis a Escenógrafa, e algo máis retirados, os reis. Mentres se representa o cadro vivente sona o Canon de Pachelbel e prodúcese a entrada dos espectadores. Cando o volume da música comeza a descender e todo queda en silencio, comeza a representación teatral, coa entrada en escena do Narrador)

NARRADOR.- *(Dirixíndose ao público)* Un escritor arxentino, chamado Manuel Mujica Láinez, escribiu hai anos un libro titulado *Un novelista en el Museo del Prado*. Nel conta que todos os días, cando o museo pecha as súas portas, as figuras das pinturas cobran vida. Eu non o creo! E vos? (pausa) De todos xeitos, teño unha estratexia para comprobalo: quero saber se é verdade! e se é...quero saber que fan as Meninas cando baixan do cadro.

Así que, (dirixíndose cara detrás do piano, onde están aniñadas as Visitantes 1 e 2 e a Escenógrafa) vou a agocharme aquí detrás e ver que acontece cando o museo peche. E vos tamén o veredes, pero non fagades ruído... *(métese detrás do vulto e, ao atoparse coas tres rapazas, berra)* Ahhhhhh! Pero, quen sodes vos?

VISITANTE 1.- Eu son unha turista.

VISITANTE 2.- E eu tamén. Viñemos xuntas a Madrid desde Galicia para visitar o Museo do Prado.

ESCENÓGRAFA.- E eu... estaba a falar con elas. Son escenógrafa, e con isto da crise ultimamente tamén son encargada de vestiario. Vin a ver ás Meninas para tomar ideas para unha película sobre o Século de Ouro. Adoro esas saias tan...

NARRADOR.- Pero que raio facedes aquí dentro se o museo vai a pechar?

VISITANTE 1.- Queremos saber que acontece cos personaxes do cadro de noite. E que alguén nos contou que cobran vida.

ESCENÓGRAFA.- Eu xa lles dixen que non vai a pasar nada. Que van cobrar vida! Pero, xa que estamos, escondámonos.

(Ao son de A Primavera, de Vivaldi, as figuras do cadro comezan a espertar e mover o corpo. As dúas Visitantes e a Escenógrafa asómanse tanto tras do vulto para ver o que pasa que, xusto cando comeza a diminuír o volume da música, o can comeza a ladrar)

VISITANTE 1.- *(Saíndo do seu escondite e situándose fronte ao cadro ao tempo que sinala a Margarida)* Sabíao! É certo! Non disimuledes que xa vos vimos!

VELÁZQUEZ.- *(Levantando a man na que sostén a paleta)* Alto aí! Que facedes vos aquí?

VISITANTE 1.- Somos visitantes do museo.

ESCENÓGRAFA.- E eu encárgome de escenarios e vestiarios...

VELÁZQUEZ.- E toda esta xente? *(Sinalando ao público)* Que fai aquí?

VISITANTE 1.- Non querías xogar co espectador cando fixeches o cadro? Pois aquí tes unha morea de espectadores!

VELÁZQUEZ.- Está ben. Non quedará entón máis remedio ca presentarnos (*pausa*). Eu son Diego Rodríguez de Silva e Velázquez. Pinte este cadro en 1656 e púxenlle como título A familia de Filipe IV, aínda que despois comezaron a chamarlle As Meninas.

INFANTA MARGARIDA.- Ola! Son Margarida e teño cinco anos. Son filla do rei de España, Filipe IV, e da raíña Mariana de Austria. Síntome moi feliz neste cadro porque penso que son a protagonista del. Ademais, estou rodeada de todos os meus amigos e amigas, que me entreteñen todos os días.

MARÍA AGUSTINA SARMIENTO.- Ola! Eu son unha menina e, polo tanto, son unha das mellores amigas da infanta Margarida. O meu nome é María Agustina Sarmiento e conseguín estar con ela na corte porque o meu pai, Diego Sarmiento de Soutomaior, é marqués. Así que non interpretedes que son unha criada! Non podería traballar con estas saias!

ISABEL DE VELASCO.- Boas tardes (*ou días*) a todos e todas. Eu son Isabel de Velasco, a outra menina, tamén moi amiga da infanta Margarida. Coñecina porque a miña nai foi dama da raíña, e meu pai é conde de Fuensalida. Sabedes por que nos chaman a Agustina e a min meninas? Menina en portugués significa nena, e de aí tomouse a palabra para darlle nome ás damas de compañía. Por certo, tiven sorte de aparecer no cadro, porque falecín só tres anos despois de que se pintara.

NICOLÁS PERTUSATO.- Mirádeme! Aquí estou! (*levantando o brazo e facendo acenos*). Eu son Nicolás Pertusato, aínda que todos me chaman Nicolasiño, porque fago moitas trasnadas e parezo un neno. Sen embargo, son a persoa con máis idade do cadro. Aínda que lle estou dando unha patada ao can (*toca ao can*), non é con mala fe, unicamente quero meterme con el. En realidade, encántanme os animais (*toca ao can de novo*) e pásoo pipa xogando con Salomón. Aínda que hai unha cousa que aínda me pon máis alegre: facer sorrir a Margarida!

MARIBÁRBOLA.- Asegúrovos que é certo o que di Nicolasiño: é moi, moi traste! Pero ten bo corazón. Xa que estou falando, aproveito para presentarme: eu son Maribárbola, nacín na Alemaña e, como non crecía, trouxéronme á corte para entreter a Margarida e xogar con ela todo o día. Estou moi seria no cadro porque estou mirando para os reis, pero todos din que son moi simpática. Eu penso que esa non é a miña principal virtude. Queredes saber cal é? (*pausa, prosegue con énfase*) Son capaz de adiviñar o futuro!

DIEGO RUIZ DE ANCONA.- Eu non creo nesas cousas, ninguén sabe o que nos depara o futuro! Pero teño que recoñecer unha cousa: Maribárbola, sempre acerta! Por certo, eu son Diego Ruiz de Ancona, encargado de coidar a Margarida, por iso me chaman gardadamas. Sempre estou pendente de que non lle falte de nada...

MARCELA DE ULLOA.- De nada, de nada! Sempre ten todo o que precisa porque somos moitos a coidala. Eu tamén me encargo dela; chámome Marcela de Ulloa e son gardadama, por iso paso todo o día ao seu carón. En realidade son como a súa segunda nai. Chamaranvos a atención as miñas roupas: a touca branca, o pano negro... Visto de loito porque quedei viúva. Por iso me gusta tanto o meu traballo: coidar dunha nena fai que esqueza as miñas penas e acabe sorrindo todos os días!

FILIFE IV.- Eu son Filipe IV, rei de España. Quizais non volo pareza porque hoxe non levo coroa xa que este retrato non é para amosar en público. Preocúpame moito a saúde da miña

filla Margarida, por iso pedín que sempre houbese alguén cerca dela con auga para darlle de beber tan pronto o precise. Estou casado con Mariana de Austria. Ela quixo poñer a coroa hoxe...algo que me ten moi sorprendido.

MARIANA DE AUSTRIA.- Jajajaja Non llo contedes a ninguén: a coroa quíxena poñer para presumir, pero, en realidade, non a levo no cadro. Ou si? Lembrádevos de comprobalo a próxima vez que o vexades. Por certo, teño 21 anos e o meu marido 51!

JOSÉ NIETO.- Eu son José Nieto, o encargado de que o palacio estea sempre ordenado, por iso paso o día revisando as estancias. Non podo descansar moito porque todos acoden a min cando teñen un problema. Agora mesmo vin a esta sala porque escoitei alboroto e quería saber que pasaba. Como vexo que está todo ben, continuarei coa miña xornada de traballo.

NARRADOR.- Ben, xa coñecemos a todos os personaxes...

MASTÍN SALOMÓN.- *(Erguéndose)* Guau, guuuuu, grrrrr,... Como que todos? E eu que? Enriba de que Nicolasiño non para de dar-me patadas! Eu son o can Salomón. Son un mastín de palacio. Puxéronme este nome pero tamén barallaron o de Moisés, porque me rescataron das augas cando ía afogar. A verdade é que se vive bastante ben na corte, aínda que estraño non poder xogar ceibe por Madrid con outros cans.

ESCENÓGRAFA.- Agora que nos coñecemos, queremos saber máis cousas...

RAÍÑA E REI.- *(Ata o momento permaneceran apartados, pero agora achéganse ao grupo)* Quizás nós vos podemos axudar!

VISITANTE 1, 2, E ESCENÓGRAFA.- Ehhh? Pero...quen sodes?

RAÍÑA.- Eu son Mariana de Austria, a de verdade. Ela *(senalando á do espello, que lle corresponde)* é só o meu reflexo no espello.

REI.- E eu son o auténtico Filipe IV. Aquel que me mira *(senalando ao seu reflexo no espello, que lle corresponde)* é tamén só unha ilusión. Eu son o rei que gusta de coleccionar arte...

VISITANTE 1.- Basta! Basta! A ver se nos aclaramos. Dous reis e dúas raíñas? Aníñadevos! *(aníñanse os dous e á vez fano os reis do cadro)* Agora de pé! *(póñense de pé e de novo fano os do cadro)*

VISITANTE 2.- Narrador, bótanos unha man. Que pasa aquí?

NARRADOR.- A ver, faremos un *flashback* a 1656... *(Todos os personaxes do cadro se xiran poñéndose de costas ao público, facendo un ruído que imite ao vento)*

MARÍA AGUSTINA SARMIENTO.- *(Xirándose cara o público mentres fala)* Ui! Que bo ano! Estivemos nese verán en Galicia. Chovía moito, iso non cambiou tanto co tempo, pero todo era fermoso.

ESCENÓGRAFA.- *(Pasando por diante do cadro)* Ai, si, si, Galicia. Canto me gusta pasear pola Praza do Obradoiro...

ISABEL DE VELASCO.- *(Xirándose cara a Escenógrafa mentres fala)* Iso aínda non existía aquel ano, o barroco aínda non inundara Compostela!

DIEGO RUIZ DE ANCONA.- *(Xirándose cara o público mentres fala)* Era todo tan distinto! Santiago de Compostela aínda tiña muralla. Os anos non pasaron en balde,...para ben e tamén para mal. Mágoa que a destruísen!

MARCELA DE ULLOA.- (*Xirándose cara o público mentres fala*) E tanto que cambiou todo! Algunhas vilas de hoxe nin sequera existían. Había só grupiños de casas... Lembrádevos cando paramos no que hoxe é o concello da Estrada?

MARIBÁRBOLA.- (*Xirándose cara o público mentres fala*) Si, mágoa que o Pazo de Oca aínda se estaba construíndo, non puidemos velo tal e como é agora.

MARGARIDA.- (*Xirándose cara o público mentres fala*) Pero vimos moitas igrexas por esa zona, sobre todo románicas.

MARÍA AGUSTINA SARMIENTO E ISABEL DE VELASCO.- (*Xirándose cara o público mentres falan*) E unha torre en Guimarei!

VISITANTE 2.- Estou pensando que se viñerades hoxe a Galicia pasariádelo moi ben visitando algúns museos: experimentando na Domus, descubrindo os castros en Viladonga, coñecendo personaxes que viviron canda vós nos cadros do Museo de Pontevedra e nos de Belas Artes de A Coruña...

NARRADOR.- Ben, ben... Estamos desviándonos do tema. 1656. Alcázar de Madrid. Velázquez pinta un cadro...

(*Velázquez xírase e colócase ante o lenzo, pintando*)

REI.- Píntao porque eu o contratei! E faino moi, moi ben.

NARRADOR.- (*Lento para dar tempo a que se vaian colocando*) De repente, entran no seu estudo, xogando, Margarida e o seu séquito (*os personaxes danse a volta e xogan, sen moverse moito dos seus sitios*). E, de súpeto, aparecen os reis! Todos quedan en silencio mirándoos. Velázquez deixa de pintar e os reis aproxímanse ata quedar reflectidos no espello. Por último, José Nieto entra a comprobar que todo está en orde (*José Nieto comproba que todo está ben e cando remata sitúase no seu lugar*)... Aquí temos o cadro!

ESCENÓGRAFA.- Parece todo tan natural!

VISITANTE 1.- E, sen embargo, hai tanta xeometría detrás.

VISITANTE 2.- Diagonais e máis diagonais... (*marcando diagonais cos brazos, mirando ao público*)

FILIPE IV.- Velázquez calculou todo moi ben porque quería dar conta da nobreza da pintura e da valía dos pintores. Por iso tamén se retratou el...

REI.- E, cando el xa morrera, eu pinte sobre o cadro a Cruz de Santiago (*aproximándose a el e sinalándoa*) que el leva sobre o peito.

NARRADOR.- (*Aproximándose a Velázquez e tocándoo no ombreiro*) Pois saíuche ben a xogada, amigo. 358 anos despois, seguimos a voltas co teu cadro. Estarás contento, non?

RAÍÑA.- Non te vai a contestar. Son as 9, o museo vai a abrir. As Meninas xa quedaron inmóbiles no cadro.

ESCENÓGRAFA.- E nós sen chegar a preguntarlle que fan todos os días cando baixan del!

NARRADOR.- Menudo desgusto! Outro día máis que haberá que quedar coa intriga.

MARÍA AGUSTINA SARMIENTO E ISABEL DE VELASCO.- A verdade é que dannos pena estas persoas tan simpáticas que coñecemos hoxe. Podedes axudarlles vos? Queredes escribirmos a 6º e contarnos que facemos as Meninas cando baixamos do cadro?

(Sona a música, un fragmento da Suite en DoM (HWV 349) da Música Acuática de Händel, e todos se dispoñen para saudar facendo a danza. Por orde, en parellas)

Anexo 13. Cuestionario de valoración final

Cuestionario de valoración final.....Data:

1) Ordena as materias que tes este curso por orde de preferencia (do 1 ao 10, sendo 1 a que menos che guste e 10 a que máis)

- Matemáticas
- Plástica
- Música
- Inglés
- Lingua galega e literatura
- Educación física
- Lingua castelá e literatura
- Relixión
- Coñecemento do medio natural, social e cultural
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

2) Gústanche máis as materias que cres que "se che dan mellor"? Por que?

3) Agora, ordena por orde de preferencia as actividades que fixemos no proxecto *Cando as Meninas baixan do cadro* (do 1 ao 10)

- Que sabemos? Que queremos saber? Que recordo do cadro?
- Quen é quen no cadro
- Medidas e xeometría no cadro
- Coñecendo a Velázquez
- Coñecendo os museos e o noso patrimonio
- Pirámide da sociedade estamental
- Escollendo a banda sonora e practicando a danza
- Elaboración do vestiario
- Primeira lectura do guión e modificacións do mesmo
- Representación teatral

4) Tendo en conta todo o proxecto, que cres que aprendiches con el?

5) E que cousas botaches en falta ou pensas que se poderían mellorar?

6) Entraches algunha vez na web do proxecto fóra do colexio? Para que? Resultouche doado o seu manexo?

7) Como te sentiches traballando en grupo?

8) Como te sentiches actuando? Que foi o que máis che gustou da representación da obra?

9) Que nota lle poñerías ao proxecto? Por que? (do 0 ao 10)

10) Que nota lle poñerías á mestra en prácticas? Por que? (do 0 ao 10)

11) Tendo en conta o proceso de traballo co proxecto nas distintas áreas, que nota te poñerías a ti? Por que? (do 0 ao 10)

OBSERVACIÓNS (opcional)

MOITAS GRAZAS POLA TÚA AXUDA!



Anexo 14. Exemplos de producións na actividade 5

A continuación amósase a información recompilada por un dos grupos de traballo sobre un museo, en concreto o Museo do Castro de Viladonga (Lugo):

ACTIVIDADE MUSEOS (10, 3, 17)

1. Museo do Castro de Viladonga.
2. Concello de Castro Rei (Lugo)
3. Aberto todos os días (agás 24, 25 e 31 de Decembro e 1 e 6 de Xaneiro) de Marzo a Outubro de 10 a 20 h. de Novembro a Febreiro de 10 a 19 h.
4. Entrada gratuíta ao castro e ao museo.
5. Expónse de forma periódica os traballos arqueolóxicos tanto de excavación como de limpeza e consolidación.
6. ~~Non oferta ningunha actividade ou servizo interesante.~~
Tenda Ten. Unha tenda para a posibilidade de mercar publicacións, material de difusión e reproducións.
Auditorio cunha sala de actos de usos múltiples, empregada habitualmente para a proxección de audiovisuais.
Biblioteca especializada en arqueoloxía, historia antiga e patrimonio cultural. Reproducción fotográfica. Para obtención de imaxe de fondos de museos.
7. Delexámos porque nos pareceu un museo moi interesante, para o coñecemento da arqueoloxía como tamén a exposición de moedas e placas históricas representadas, que van do século I ata finais do ~~ano~~ cuarto despois e tamén ~~hai~~ actividades novas e profesionais.
hai

Baixo esas liñas preséntase outro exemplo. Neste caso o grupo escolleu o Museo de Belas Artes (A Coruña):

ACTIVIDADE MUSEOS

16/18/15

1.- Que museo é?

O museo de belas artes.

2.- Onde está?

En A Coruña, Galicia

3.- Que horarios ten?

De martes a venres de 10:00h a 20:00h.

Sábados de 10:00h a 14:00h e de 16:30h a 20:00h.

Domingos de 10:00h a 14:00h.

4.- Cal é o prezo da entrada?

A visita é gratuíta.

5.- Que se expoñe?

Nel se expoñen cadros e esculturas, e cada sala expoñe varios cadros e esculturas dun mesmo século.

6.- Oferta algunha actividade ou servizo interesante?

Oferta cursos e exposicións de cadros e pintores. Hai obradoiros e moitas cousas interesantes.

7.- Por que o elixistes?

O eliximos porque ofrece actividades, é moi interesante e parece moi bonito. Ademais é gratuíto e estaría ben visitalo.

Anexo 15. Dous exemplos da táboa de avaliación

Explicación do modelo de tabla de avaliación que se creou para proxecto Cando as Meninas baixan do cadro

No seguinte cadro preséntase a valoración específica daquelas actividades ás que se dedicou máis tempo e das que se pode realizar unha valoración máis obxectiva atendendo a tres aspectos: **participación e interese**, **produccións** e **comportamento e actitude**. Estas actividades son: 1. Que sabemos?... (neste caso non se valoran os coñecementos amosados senón como se traballou na aula), 2. Coñecendo o cadro, 3. Dimensións e xeometría do cadro, 5. Coñecendo os museos, 8. Elaborando o vestiario, 10. Representación teatral (valórase tanto o proceso, ensaios principalmente, coma o resultado). As cualificacións posibles en cada un destes apartados son: **Moi mal, Mal, Aceptable, Ben, Moi ben**.

As demais actividades realizadas agrúpanse no apartado "Outras" (4. Escollendo a música, 6. Coñecendo o noso patrimonio, 7. A sociedade estamental, 9. Guión teatral) e téñense en conta para matizar en positivo ou negativo a cualificación cando a intervención do alumnado resultase destacada, indicando en Observacións o motivo e no apartado "Global", de ser o caso, un + ou -. Cando a casiña aparece en branco enténdese que non hai motivos a destacar.

No cadro figura tamén a **información relevante obtida a partir dos diferentes instrumentos de avaliación**, incluíndo algunhas **citas dos propios nenos e nenas en negriña**. Estes instrumentos foron: **ficha de avaliación inicial**, **produccións** escritas e orais do alumnados, **observación** na aula e **ficha de valoración final**. Por último, explícase cal foi a **evolución** en cada caso e que **cualificación final** se lle daría, acompañada nalgúns casos de aclaracións entre paréntese.

Preséntanse, a continuación, dous exemplos representativos de fichas da táboa:

Táboa 8. Corresponde á valoración dun alumno que xeralmente ten baixo rendemento, probablemente por falta de motivación e constancia para facer as tarefas. A súa progresión no proxecto foi en ascenso:

Actividade	Particip. e interese	Produc.	Comport. actitude	Observacións	Global
1. Que sabemos?...	Mal	Mal	Aceptable	Non prestou atención á actividade e, consecuencia, deixou case toda a ficha en branco. Molestou ás súas compañeiras.	Mal
2. Coñecendo o cadro	Aceptable	Ben	Mal	Tivo moitos problemas para integrarse no traballo en grupo, molestando constantemente ás súas compañeiras.	Aceptable
3. Dimensións e xeometría	Aceptable	Ben	Mal	Molestou na clase e non quería realizar as tarefas coas súas compañeiras de equipo.	Aceptable
5. Coñecendo os museos	Aceptable	Ben	Aceptable		Aceptable

8. Elaborando o vestuario	Ben	Ben	Aceptable		Ben
10. Teatro	Ben	Aceptable	Aceptable	Foi o último en aprender o papel e isto custou un esforzo por motivalo, porén, cando o conseguiu estaba entusiasmado e a súa actitude cara min (antes algo hostil) cambiou totalmente, achegándose a comentarme os seus logros de cada día.	Aceptable
Outras	Na sesión de música manifestou que non quería ter que tocar a ningunha nena na danza, e non se comportou ben, molestando continuamente. / -				

INFORMACIÓN DE INTERESE PROPORCIONADA POLOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ficha de avaliación inicial: O único ao que contestou é que lle gusta a arte "porque algúns cadros son moi bonitos" e que a Domus lle pareceu un museo divertido.

Producións: Boa letra e boa presentación dos textos escritos. Falta de habilidade para a comunicación oral, porque non prepara as presentacións e tende a facer tonterías para chamar a atención.

Observación na aula: Con frecuencia molesta aos seus compañeiros e compañeiras, non se conseguiu integrar no traballo en equipo, entorpecendo o traballo das súas compañeiras, aínda que el escribe que lle gustou a experiencia e se sentiu moi ben "porque traballamos todos xuntos".

Ficha de valoración final: Explica que as súas materias e actividades favoritas son as que máis lle gustan, que aprendeu moito co proxecto, sobre a obra, o Museo del Prado e "a facer teatro". Indica que na obra "podía aparecer un guardia e pillar aos turistas", pero que foi moi divertida. Por último, explica que se pon "un 6, porque me custou moito aprender o papel, e porque en bastantes opcións me confundín" (supoño que se refire aos ensaios porque na posta en escena non se confundiu).

EVOLUCIÓN: Moi positiva, aínda que concentrada nos tres últimos días. É o caso no que apreciei un maior cambio, especialmente na actitude. Aínda que di que lle custou aprender o papel, realmente contoume que, unha vez que se puxo, lle levara moi pouco tempo, e penso que esta é a versión correcta. Considero que ten un gran potencial e que podería render moito máis, pero, por algún motivo que descoñezo, prefere dedicar as clases a distraerse e molestar aos seus compañeiros, penso que nun intento por chamar a atención. Aínda que non o parece, síntese moi orgulloso cando é aceptado e valorado polos demais, por iso se notaba tan contento cando se achegou a dicirme "ayer me aprendí el papel". Para conseguir isto tiveron que falar con el o día anterior, explicándolle que se ía a sentir mal cando chegara o momento da actuación e fora o único en levar o papel, e que eu estaba segura de que se quería o podía aprender e facelo moi ben. Considero un éxito que o fixera e unha das maiores alegrías que me deu este proxecto foi o seu cambio de actitude nas últimas sesións, véndoo, por fin, amosar interese por algo e sorrir.

CUALIFICACIÓN FINAL: Aceptable ou Ben (o Ben tería que ser negociado, como un recoñecemento ao seu cambio de actitude pero condicionado a mantela e a esforzarse e traballar sen molestar a partir dese momento; sería máis unha nota de motivación que cualitativa).

Táboa 9. O segundo exemplo corresponde coa avaliación dunha nena que ten rendemento alto e que amosou unha grande sensibilidade cara a arte, achegando reflexións propias, e capacidade para a reflexión:

Actividade	Participac. interese	Produc.	Comport. e actitude	Observacións	Global
1. Que sabemos?...	Moi ben	Ben	Moi ben	Ademais de responder ás preguntas, inclúe reflexións persoais e preguntas. Analiza o cadro falando dos distintos planos.	Moi ben
2. Coñecendo o cadro	Ben	Moi ben	Moi ben	Destaca a explicación que dá sobre a obra de Velázquez elixida.	Moi ben
3. Dimensións e xeometría	Ben	Ben	Ben		Ben
5. Coñecendo os museos	Moi ben	Moi ben	Moi ben		Moi ben
8. Elaborando o vestuario	Moi ben	Ben	Moi ben		Moi ben
10. Teatro	Moi ben	Moi ben	Moi ben		Moi ben
Outras	Na sesión de música amosou interese por escoller a peza que máis axeitada lle parecía, e non a máis coñecida ou popular. Á hora de interpretar a danza amosa que é deportista e sabe aliñar o corpo. / +				

INFORMACIÓN DE INTERESE PROPORCIONADA POLOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ficha de avaliación inicial: acompañou o esbozo do cadro cunha descrición, na que distingue tres planos e os personaxes que neles se atopan. En ambos amosa ter intelixencia viso-espacial. Explica que os museos "serven para que a xente aprenda cultura das obras de arte", e faise interesantes preguntas sobre o cadro, destacando esta reflexión: "gustaríame saber por que está Diego Velázquez no cadro, porque cando un pintor pinta un cadro, non se pinta salvo que sexa un autorretrato", e engade que a arte "pode informarnos de como era a vida nesa época, sobre a vida do autor, porque pode que o cadro se basee na súa vida".

Producións: Excelente presentación e moi boa redacción dos traballos escritos, plasmando a súa opinión e respondendo ás preguntas con abundantes datos e información. Para a presentación orais gústalle dispoñer de tempo para preparalas e ensaiar, tratando de expresarse ben, como así acontece.

Observación na aula: moi madura e responsable, traballadora e boa compañeira. Porén, moi preocupada polas cualificacións, porque lle toque no equipo persoas que poidan deslucir o traballo, moi perfeccionista.

Ficha de valoración final: Gústanlle as materias de Plástica e Música, aínda que se lle dan mellor as Matemáticas. Manifesta que lle encantou este proxecto, co que di ter aprendido moito e gozado: "aprendín que os pintores son máis intelixentes do que aparentan", "sentíme ben e emocionada pola alegría de representar unha obra importante e interesante. Gustoume máis que nada a sensación de ver que o público espera impaciente o teu turno, cando te miran aos ollos...". Engade que a mestra "manexa súper ben aos nenos", valora moi positivamente a súa actuación na obra ("fixen todo o que poden", "saíu mellor do que esperaba") e, no tocante ao traballo en grupo achega unha emotiva reflexión: "sentía emoción, ledicia por poder estar na escola e ter compañeiros que sabes que vas ter ao teu carón sempre".

EVOLUCIÓN: Positiva pero sen notables cambios porque xa amosou interese dende o principio; porén, ao tocarlle interpretar unha Menina, tal e como quería, penso que a motivou aínda máis.

CUALIFICACIÓN FINAL: Moi ben

Anexo 16. Exemplos de producións da actividade 1


EXEMPLOS PRODUCCIÓNS ACTIVIDADE 1. Que sabemos? Que queremos saber? Sobre que nos informa a arte?

Neste caso un alumno amosa o seu interese polos museos deportivos, sen desbotar os outros

Museos que coñezo	Visiteino	Coñeces a súa web	Gustouche?	Que lembrás del?
Museo do mundo mome	Si/ Non	Si/ Non	Si/ Non Motivo: Porque había cosas moi bonitas	Que había moitas cousas de madeira entre elas unha guitarra de madeir...
Museo de Cristiano Ronaldo	Non	Non	Si, porque están os trofeos que ganhou Cristiano	Que están os trofeos de Cristiano.
Museo do Real Madrid	Si	Si	Si, porque están os trofeos do Madrid	Que hai trofeos do Madrid.

Museos que coñezo	Visiteino	Coñeces a súa web	Gustouche?	Que lembrás del?
Domus	Si/ Non	Si/ Non	Si/ Non Motivo: porque tiña moitas cousas divertidas	Que pasamos por unha boca e vimos cousas do corno, había para peixe etc
Mome	Si	Non	Regular porque era moi soso	Tiña unha tele xigante e un barco de xoguete.
Museo de Cera	Si	Non	Si porque tiña figuras	Tiña aos reis, cadros es persoas en cera e xogadores de fútbol.

Unha alumna escribe sobre os dous museos máis visitados en Galicia polos seus compañeiros: o Museo Mome (A Estrada) e a Domus, e sobre un dos máis coñecidos polos que viaxaron a Madrid, o Museo de Cera



Esbozo da imaxe mental do cadro As Meninas. Destaca a figura de Velázquez, asomando tralo bastidor e unha parella que chamou moito a atención do alumnado, Nicolasiño Pertusato e o can Salomón

No último esbozo da páxina anterior, unha alumna lembra a maior parte dos personaxes, incluíndo as figuras dos "criados" (gardadas) que a maior parte esquecen.

4) Gústache a arte? Por que?

Si, porque; maxinome que estou nesa época e veo todo o que pasa

Esta é a contestación dunha das alumnas que explica con máis precisión por que lle gusta a arte. No resto dos casos abundan comentarios vagos como "é bonita".

7) Que máis che gustaría saber deste cadro?

Gustaríame saber por que está Diego Velázquez no cadro, porque cando un pintor pinta un cadro, non se pinta salvo que sea un autoretrato, o cal é moi raro que se pinte a sí mesmo.

8) Sobre que nos pode dar información unha obra de arte?

Pode informarnos de cómo era a vida nesa época, sobre a vida do autor, porque pode que o cadro se base na súa vida.

Estas son as respostas dunha alumna, que se pregunta por que aparece o pintor retratado e apunta que, quizais o artista nos conta na obra algo referente á súa vida: 7) "Gustaríame saber por que está Diego Velázquez no cadro, porque cando un pintor pinta un cadro, non se pinta salvo que sea un autoretrato, o cal é moi raro que se pinte a sí mesmo". 8) "Pode informarnos de cómo era a vida nesa época, sobre a vida do autor, porque pode que o cadro se base na súa vida".

Anexo 17. Exemplos de producións da actividade 2

ACTIVIDADE 2. Coñecendo o cadro. Quen é que? Tarefa da toma de notas

A continuación podemos ver os apartados da ficha técnica do cadro e do autor dunha das fichas máis completas. A explicación que dá sobre a obra de Velázquez que escolleu é moito máis completa que a que fixeron a maior parte dos seus compañeiros e compañeiras, que se limitaron a poñer o título e, ao sumo, un "porque me gusta", "porque parece difícil",...

1) Ficha técnica del cuadro

Títulos (3): *las meninas, la familia y la familia de Felipe IV*

Autor: *Diego Rodríguez de Silva y Velázquez.*

Fecha: *1656*

Dimensiones: *318 x 276 cm.*

Técnica: *Óleo sobre lienzo*

Lugar en que se encuentra actualmente: *Museo del Prado.*

2) El autor: Diego Rodríguez de Silva y Velázquez

- Lugares y fechas de nacimiento y muerte: *Andalucía, Sevilla. El 6 de junio de 1.599 nace.*

Muere el 6 de agosto de 1.660 por una enfermedad.

- Etapas de su vida y pintura: *Con 10 años estudia pintura en el "Viejo". Con 21 años pintó El aguador de Sevilla. Fue pintor de la corte. 1º Etapa sevillana // 1º etapa madrileña // 1º viaje a Italia // 2º etapa sevillana // 2º viaje a Italia // 2º etapa madrileña.*

- Tres museos próximos en los que podamos ver alguna obra suya:

Museo del Prado // Real academia de Bellas Artes de San Fernando // Palacio Real

- Elegid una obra de Velázquez distinta de *Las Meninas*. Anotad el título, la etapa a la que pertenece y explicad por qué os gusta.

Paisaje de la villa Médicis. Pertenece a la etapa de su 2º viaje a Italia.

Me gusta porque es un cuadro que representa un paisaje distinto a los que hay aquí y tiene unas tonalidades que encajan muy bien. Hace que el cuadro sea muy realista y parece que la obra te atrapa.

3) ¿Quién es quién?

A continuación preséntanse as notas que tomou unha nena ao ver o vídeo *Sobrevivir las Meninas*. Hai algunhas confusións (a nai de Isabel de Velasco non foi infanta, senón Menina da raíña) pero, en xeral, a información é moi completa, tendo en conta que o vídeo só se puxo unha vez. Como a maior parte dos seus compañeiros e compañeiras, parte das anotacións corresponden a frases literais do vídeo.

Son los reyes que se reflejan en el espejo.

La han retratado muchas veces (Margarita)

~~Sacoto~~ Las princesas Quieren que Margarita destaque.

Me llamo Isabel de Velasco, las meninas estamos inclinadas sobre Margarita, para que destaque.

(Mayordomo) Atrayendo la mirada de los espectadores (José Nieto)

Doña Marcela de Ulloa y voy de negro porque soy viuda.

Nicolás Pertusato (Nicolasiño) Soy el ayudante de cámara del rey

El perro Salomón se empeña a llamarme Moisés porque fui rescatado del agua (Nicolás)

Margarita tiene 5 años

Nicolás tiene en realidad ~~tiene~~ 40 años pero sufrirá un problema de enanismo

María Agustina tiene raíces gallegas.

La madre de Isabel Velasco también fue infanta.

Porén, unha alumna preferiu seleccionar a información básica para identificar aos personaxes, dando mostras dunha maior capacidade de abstracción:

Personajes:

Felipe IV → Rei

Las meninas → Amigas de la Infanta

Margarita de Austria → Infanta de 5 años

Mariana de Austria → Reina

María Agustina → Menina

Isabel de Velasco → Menina

José Nieto → Mayordomo. Atrás sujeta una cortina.

Doña Marcela de Ulloa →

Nicolás → Tiene 40 años

Salomón → Perro

Don Diego Rodríguez de Silva y Velázquez. → Pintor

María Bárbara → Enana que ve el futuro


Anexo 18. Producións actividade 3: Dimensións e xeometría do cadro

Un dos motivos que retrasou a actividade foi a tarefa de medir. Non colocaban ben os metros e cintas métricas e as diferenzas entre algúns equipos superaban os 10 cm, polo que houbo que realizar unha revisión de todas as medidas. Ademais, cando se fixo a táboa para o cálculo da media aritmética déronse erros ao traballar coa calculadora e tivemos que explicar algunhas estratexias. Por exemplo: cando a media aritmética lles daba unha cifra inferior ou superior ás medidas de todos os grupos o cálculo era equivocado.

	Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4	Grupo 5	Grupo 6	Media aritmética
Taboleiro mesa	65 cm 44 cm	64 cm 45 cm	49 cm de largo 40 cm ancho	60 cm 46 cm	65 cm 45 cm	65 cm 44 cm	64,83 cm 45,5 cm
Encerado	297 cm 123 cm	297 cm 120 cm	288 cm alto 278 cm ancho	270 cm 120 cm	280 cm 120 cm	298 cm 123 cm	286,6 cm 127,5 cm
Porta	197 cm 84 cm	194 cm 73 cm	195 cm alto 75 cm ancho	200 cm 80 cm	194 cm 82 cm	198 cm 82 cm	196,8 cm 79,3 cm

Táboa de resultados e cálculo da media aritmética elaborada por unha alumna

Exemplo de esquema xeométrico que elaborou un alumno seguindo as instrucións dadas. Tratado dixitalmente para poder visualizar os trazos.



Anexo 19. Exemplos do vestiario para a obra de teatro



Taller de confección do vestuario



Saia para Margarida



Traxes de Velázquez e do can Salomón



Disfraces para Filipe IV



No primeiro plano, saias para as *meninas*



Adornos para o cabelo das *meninas*

Anexo 20. Vídeo da obra de teatro

Ver DVD adxunto (cuberta posterior).

Duración total 26:36

Cadro vivente e obra de teatro (15:27)

En detalle (6:04)

Como se fixo (4:05)

Datos técnicos e agradecementos (1:00)

Anexo 21. Fotografías da actuación



Imaxe do día da representación



Imaxe dun ensaio



Imaxe do día da representación

Anexo 22. Que lles gustou máis?




Gráfico 1. Valoración das actividades do proxecto

Como pode observarse as actividades que máis entusiasmo despertaron foron, por esta orde, a representación teatral, a elaboración do vestuario e a primeira aproximación ao guión da obra de teatro. Pola contra, a que menos gustou foi a relacionada coas matemáticas.

De todos xeitos, a valoración coincide coa que fan cando se lles pide valorar as materias que estudan en 6º E.P., como pode verse no gráfico 2.




Gráfico 2. Valoración das materias que estudan

As que gardan máis relación coas artes acadan, de novo, as maiores puntuacións.

Anexo 23. Repercusión do proxecto no centro



Debuxo dun neno de 3º E.P

Carta do alumnado de 3º E.P.

10-11-14

A Estrada, 10 de novembro de 2014

Alumnos/as de 6º E.P.-C.N.S. de Loores

Queridos/as compañeiros/as:

¿Cómo estais despois de haber representado la obra de teatro sobre el cuadro de "Las Meninas de Velázquez"? Nosotros, los de 3º E.P., quedamos asombrados, impresionados... sin palabras para agradeceros lo bien que lo habéis hecho.

y como nos disteis la oportunidad de decirnos vuestras ideas sobre lo que hacen los personajes del cuadro, cuando salen de él, las vamos a escribir en esta carta.

- yo pienso que cuando sale del cuadro la Infanta Margarita que hace su vida, que come, se baña y cuando abre el museo se queda quieta como estaba.
- Velázquez cuando sale del cuadro empieza a pintar cuadros y a colgarlos en la pared.
- Cuando Salomón sale del cuadro corre por los pasillos en busca de comida.
- Creo que Nicolásito, cuando sale del cuadro, hace travesuras y le da patadas al perro Salomón.
- Yo creo que Salomón, el perro, ladra, y corre por el castillo y seguro que el museo tiene jardín y Salomón ^{Juega} en él.
- Yo creo que Ruiz Arcoña cuando baja se dedica a ordenar el museo.
- También creo que Velázquez pinta otros cuadros.
- Margarita y las meninas juegan y bailan.
- El perro quitarle huesos a los dinosaurios de un cuadro.

- Yo creo que Salomón, cuando sale del cuadro, ladra y juega con las Meninas.
- Agustina Garmiento creo que cuando sale del cuadro juega con la infanta Margarita.
- Cuando la Infanta Margarita salió del cuadro se escapó del museo para poder ser libre y estar sola, pero después Velázquez se dio cuenta de que la Infanta Margarita se había escapado y fue a buscarla, y al final la encontró.
- Isabel de Velasco cuando cerró podía ir a ver el museo entero.
- Cuando cierra el museo Velázquez pintaba otros cuadros.
- El perro Salomón estará jugando con su hueso.
- Velázquez es un buen pintor, muy bueno y negro que pinta más cuadros más bonitos y más grandes.
- Salomón, el perro, estará jugando con su hueso y con las personas y dará paseos por el museo.
- Morinholo yo pienso que al salir del cuadro le da muchísimas patadas al perro y cuenta tanta tanta idea que un día el museo sea a estar destruido por la mañana.

- La Infanta Margarita se partía de risa.
- La reina y el rey al ver el cuadro que el cuadro queda chabro y don un poco por todo el mundo, y ^{un} mirando los cuadros. ¡Segura!

Esperamos que os gusten nuestras ideas y que sigáis trabajando así. Un millón de besos y abrazos.

Carta. Página 3

Redación dun alumno de 5º E.P.

Las Meninas

una noche cuando el museo cerró sus puertas, algo increíble empezaba a suceder. Todos los personajes de los cuadros cobraban vida.

Me pregunto que dirían los pintores si llegaban a ver como sus personajes bailaban y jugaban sin parar.

Todos menos Velázquez, que veía como las meninas cambiaban puntillas y terciopelos por pantalones de cuero y botas tachuelas.

Ponían sus pelos de colores y se preparaban para dar un concierto de rock. No dormían, pero todos se lo pasaban muy bien.

Velázquez casi enloquece, pues no comprendía que poder tenían sus acuarelas. Pero "Las meninas", al igual que el cuadro, alcanzaban un gran éxito.

"Las meninas" era ya un grupo conocido en la noche madrileña.

Sólo había un problema y es que antes de las nueve de la mañana todos debían de regresar al museo y volver a permanecer inmóviles en sus cuadros, para que los visitantes pudiesen seguir conociendo historia y cultura. Pero llegados las diez de la noche todos los fans de "las meninas" esperaban como locos para poder ir a sus conciertos.

Collages de 1º E.P.



Debuxo de 5º E.P.



Debuxo de 5º E.P.



Debuxo de 6º E.P.



Debuxo de 6º E.P.

